13:55 14:45	Bioloxía Xeoloxía 4º ESO (4º ESO)	GARDA	Bioloxía Xeoloxía 1º ESO (1º ESO)	Bioloxía Xeoloxía 1 3º ESO (3º ESO)	Ciencias Aplicadas 4º ESO (INFO 1)
					14:10-15.00
14:45 15:30	Bioloxía Xeoloxía 1º ESO (1º ESO)			Titoría 4º ESO (4ºESO)	
Garda de recreo: Martes 11:55-12:20 Garda de transporte Martes 9:15-9:30					

1.5 HORARIOS GRUPOS ESO

1º ESO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:20	Inglés Rosa (1º ESO)	Xeografía Historia Sandra Irene (1º ESO)	Xeografía Historia Sandra Irene (1º ESO)	Educación Física Javier (XIMNASIO)	Francés Óscar (1º ESO) Exentos de Francés Javier (DESDOBRE 1) 9:30-10:20
10:20 11:10	Lingua Castelá Virginia (1º ESO)	Inglés Rosa (1º ESO)	Francés Óscar (1º ESO) Exentos Francés Javier (DESDOBRE 1)	Lingua Galega Galego (1º ESO)	Lingua Castelá Virginia (1º ESO) 10:20-11:10
11:10 11:55	Matemáticas Cristina (1º ESO)	Lingua Castelá Virginia (1º ESO)	Lingua Castelá Virginia (1º ESO)	Xeografía Historia Sandra Irene (1º ESO)	Xadrez Javier (1º ESO) Taller de Obradoiro Musical Patricia (AULA DE MÚSICA) 11:10-12:00
11:55 12:20	recreo				12:00-12:30
12:20 13:05	Plástica Jose Eliseo (PLÁSTICA)	Relixión Marisé (1º ESO) Valores Éticos Javier (INFO 1)	Lingua Galega Marta (1º ESO)	Biloxía e Xeoloxía Natalia (1º ESO)	Matemáticas Cristina 1º ESO 12:30-13:20
13:05 13:55	Educación Física Javier (XIMNASIO)	Matemáticas Cristina (1º ESO)	Matemáticas Cristina (1º ESO)	Matemáticas Cristina (1º ESO)	Biloxía e Xeoloxía Natalia (1º ESO) 13:20-14:10
13:55 14:45	Titoría 1º Javier (1º ESO)	Lingua Galega Marta (1º ESO)	Biloxía e Xeoloxía Natalia (1º ESO)	Inglés Rosa (1º ESO)	Lingua Galega Marta (1º ESO) 14:10-15:00
14:45 15:30	Biloxía Xeoloxía Natalia (1º ESO)			Plástica Eliseo (1º ESO)	

2º ESO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:20	Música Patricia (AULA DE MÚSICA)	Francés Óscar (2º ESO) Exentos de Francés Rosa (DESDOBRE 1)	Titoría 2º Virginia (2º ESO)	Xeografía e Historia Sandra Irene (2º ESO)	Inglés Rosa (2º ESO)
					9:30-10:20
10:20 11:10	Tecnoloxía Eliseo (TECNOLOXÍA)	Relixión Marisé (2º ESO) Valores Óscar (Desd. 1)	Física e Química Victoria (2º ESO)	Lingua Castelá Virginia (2º ESO) Agrup.Lingua Castelá 2º Óscar (DESDOBRE 1)	Matemáticas Sandra (2º ESO) Agrupamento Matemáticas 2º Victoria (DESDOBRE 1)
					10:20-11:10
11:10 11:55	Lingua Castelá Virginia (2º ESO) Agrup.Castelá 2º Óscar (DESDOBRE 1)	Xeografía e Historia Sandra Irene (2º ESO)	Inglés Rosa (2º ESO)	Lingua Galega Dores (2º ESO)	Lingua Galega Dores (2º ESO)
					11:10-12:00
11:55 12:20	Recreo				12:00-12:30
12: 20 13: 05	Lingua Galega Dores (2º ESO)	Matemáticas Sandra (2º ESO) Agrup. Mate. 2º Victoria (DESDOBRE 1)	Matemáticas Sandra (2º ESO) Agrup. Mat. 2º Victoria (DESDOBRE 1)	Música Patricia (AULA DE MÚSICA)	Lingua Castelá Virginia (2º ESO) Agrup.Castelá 2º Óscar (DESDOBRE 1)
					12:30-13:20
13:05 13:55	Física e Química Victoria (2º ESO)	Robótica Eliseo (TECNOLOXÍA)	Xeografía e Historia Sandra Irene (2º ESO)	Inglés Rosa (2º ESO)	Tecnoloxía Eliseo (TECNOLOXÍA)
					13.20-14:10
13:55 14:45	Matemáticas Sandra (2º ESO) Agrup. Mate. 2º Victoria (DESDOBRE 1)	Física e Química Victoria (2º ESO)	Tecnoloxía Eliseo (TECNOLOXÍA)	Matemáticas Sandra (2º ESO) Agrup.Mat. 2º Victoria (DESDOBRE 1)	Educación Física Javier (XIMNASIO)
					14:10-15:00
14:45 15:30	Educación Física Javier (XIMNASIO)			Francés Óscar (2ºESO) Ex. Francés Rosa (Desd. 1)	

3º ESO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:20	Tecnoloxía Eliseo (TECNOLOXÍA)	Bioloxía Natalia (3º ESO) Música Patricia (AULA MÚSICA)	F e Q 2 Victoria (3º ESO) Ed. Física 1 Javier (XIMNASIO)	Lingua Castelá 1 Virginia (3º ESO) Lingua Galega 2 Dores (INFO 2)	Lingua Cast.2 Virginia (3º ESO) Lingua Gal. 1 Dores (INFO 2)
					9:30-10:20
10:20 11:10	Inglés 1 Rosa (3º ESO) X e H 2 Sandra Irene (INFO 2)	Lingua Cast.2 Virginia (3º ESO) Lingua Gal. 1 Dores (INFO 2)	Inglés 1 Rosa (3º ESO) X e H 2 Sandra Irene (INFO 2)	Inglés 2 Rosa (3º ESO) X e H 1 Sandra Irene (INFO 2)	Inglés 2 Rosa (3º ESO) X e H 1 Sandra Irene (INFO 2)
					10:20-11:10
11:10 11:55	Inglés 2 Rosa (3º ESO) X e H 1 Sandra Irene (INFO 2)	Relixión Marisé (3º ESO) Valores Éticos Javier (INFO 1)	Francés Óscar (3º ESO) Portugués Dores (INFO 2)	Mate. Acad. Conchi (3º ESO) Mate. Apl. Sandra (DESDOBRE 1)	Mat. Acad. Conchi (3º ESO) Mate. Apl. Sandra (DESDOBRE 1)
					11:10-12:00
11:55 12:25	Recreo				12:00-12:30
12:25 13:05	Mate. Acad. Conchi (3º ESO) Mate. Apl. Sandra (DESDOBRE 1)	Lingua Cast.1 Virginia (3º ESO) Lingua Gal.2 Dores (INFO 2)	Lingua Castelá Virginia (3º ESO) Lingua Galega Dores (INFO 2)	F e Q 1 Victoria (3º ESO) Educ. Física 2 Javier (XIMNASIO)	Inglés 1 Rosa (3º ESO) X e H 2 Sandra Irene (INFO 2)
					12:30-13:20
13:05 13:55	Francés Óscar (3º ESO) Portugués Dores (INFO 2)	Bioloxía 1 Natalia (3º ESO) Mús. bilingüe Patricia (AULA MÚSICA)	Bioloxía Natalia (3º ESO) Música Patricia (AULA DE MÚSICA)	Tecnoloxía Eliseo (TECNOLOXÍA)	F e Q 2 Victoria (3º ESO) Educ. Física 1 Javier (XIMNASIO)
					13:20-14:10
13:55 14:45	Lingua Cast.1 Virginia (3º ESO) Lingua Gal.2 Dores (INFO 2)	Plástica Jose Eliseo (PLÁSTICA)	Mate. Acad. Conchi (3º ESO) Mat. Apl. Sandra (DESDOBRE 1)	Bioloxía 1 Natalia (3º ESO) Mús. bilingüe (A. MÚS)	Plástica Eliseo (PLÁSTICA)
					14:10-15:00
14:45 15:30		F e Q 2 Victoria (3º ESO) Ed. Física 1 Javier (XIMNASIO)	Titoria 3º Victoria (Tecnoloxía)		

4º ESO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	Xeografía e Historia Sandra Irene (4º ESO) Agrup. Xeog. Marta (Desdob 1)	Relixión Marisé (4º ESO) Valores Javier (INFO2)	Inglés Rosa (4º ESO) Agrup. Inglés Óscar (Desd. 1)	Mate. Acad. Conchi (4º ESO) Mate. Apl. Cristina (DESDOBRE 1)	Música Patricia (AULA DE MÚSICA) 9:30-10:20
10:20 11:10	Lingua Galega Dores (DESDOBRE 1) AGRUP. GALEGO MARTA (DESD. 1)	Xeografía e Historia Sandra Irene (4º ESO) Agrup. Xeog. Marta (Desdob. 1)	Bioloxía (4º ESO) Iniciat.Empr. Tecnoloxía (TECNOLOXÍA A)	Educación Física Javier (XIMNASIO)	Educación Física Javier (XIMNASIO) 10:20-11:10
11:10 11:55	Música Patricia (AULA DE MÚSICA)	Ciencias Aplicadas Natalia (INFO 1) F e Q Victoria 4º ESO	Mate. Acad. Conchi (4º ESO) Mate. Apl. Cristina (DESDOBRE 1)	Lingua Castelá Virginia (4º ESO) Agrup. Castelá Marta (DESD.1)	Francés Óscar (4º ESO) TIC Jose Eliseo (INFO 1) 11:10-12:00
11:55 12:20	Recreo 12:00- 12:30				
12:20 13:05	Lingua Castelá Virginia (4º ESO) Agrup. Castelá Marta (DESD 1)	Francés Óscar (4º ESO) TIC Jose Eliseo (INFO 1)	Música Patricia (AULA DE MÚSICA)	Inglés Rosa (4º ESO) Agrup. Inglés Óscar (Desd. 1)	Bioloxía e (4º ESO) Iniciativas Emprend. Jose Eliseo (TECNOLOXÍA) 12:30-13:20
13:05 13:55	Mate. Acad. Conchi (4º ESO) Mate. Apl. Cristina (DESDOBRE 1)	Ling. Galega Dores (4º ESO) Agrup. Gale. Marta (DESD. 1)	Ling. Galega Dores (4º ESO) Agrup. Gale. Marta (DESD. 1)	Cienc. Aplic. Natalia (INFO 1) F e Q Victoria (4ºESO)	Xeografía e Historia Sandra Irene (4º ESO) Agrup. Hist. Marta (Desd. 1) 13:20-14:10
13:55 14:45	Bioloxía Natalia (4º ESO) Iniciat.Empr. Jose (TECNOLOXÍA A)	Mate. Acad. Conchi (4º ESO) Mate. Apl. Cristina (DESDOBRE 1)	Lingua Castelá Virginia (4º ESO) Agrup. Castelá Marta (DESD 1)	Francés Óscar (4º ESO) TIC Jose Eliseo (INFO 1)	Ciencias Aplicadas Natalia (INFO 1) Física e Química Victoria (4º ESO) 14:10-15:00
14:45 15:30	Inglés Rosa (4º ESO) Agrup. Inglés Óscar (Desd. 1)			TITORÍA Natalia 4ºESO	

1.6 GARDAS

GARDAS DE AULA

GARDA DE AULA						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
9:30 10:20	Virginia	Conchi	Conchi	Susi	Sandra Moar	9:30 10:20
10:20 11:10	Patricia	Javier	Virginia	Conchi	Óscar	10:20 11:10
11:10 11:55	Dores	Rosa	Carmen Sandra Irene	Javier Óscar	Marta	11:10 12:00
	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo	
12:20 13:05	Óscar Natalia	Natalia Sandra Irene	Sandra Irene Natalia	Sandra Moar	Javier Victoria	12:30 13:20
13:05 13:55	Natalia Virginia	Victoria	Victoria	Marta	Óscar	13:20 14:10
13:55 14:45	Rosa	Natalia	Victoria Sandra Irene	Marta	Sandra Irene	14:10 15:00
14:45 15:30	Susi	Conchi	Patricia	Cristina		

GARDA DE TRANSPORTE E RECREO ESO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Virginia	Patricia	Victoria	Sandra Irene	Rosa
Jose	Natalia	Javier	Carmen	Conchi

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Virginia	Óscar	Susi	Óscar	Sandra Irene
Conchi/Rosa	Patricia/Susi	Jose/Cristina	Javier/Sandra	Victoria/Natalia
Dores (B)	Marta (B)	Dores (B)	Carmen (B)	Marta (B)

1.7.- PAS.

FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Para as funcións do persoal laboral de cociña seguirase o establecido no artigo 2.5 da Instrución 1/2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2016-2017.

En dito artigo, relativo ao persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar expónse:

Este persoal desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto/132/2013 en relación ao artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007. Primordialmente encargaranse da comprobación das materias primas requiridas e a elaboración dos menús, o servizo de atención ás mesas dos usuarios e a limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.

A continuación expónse tanto o artigo 9 do Decreto/132/2013, coma o artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007, no que se establecen as funcións do persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar.

DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 9. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar, persoal de cociña e persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais nos comedores xestionados pola consellería competente en materia de educación

1. Os labores dos directores e encargados de comedor, así como das persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais, e a fixación do número destes últimos determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será aboada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.

2. O persoal laboral de cociña nos comedores escolares xestionados directamente pola consellería con competencias en materia de educación estará integrado por oficiais de 2ª de cociña e axudantes de

cociña. As súas funcións e o seu número, en función da categoría do comedor, determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 9º.-Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

1.- Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

HORARIOS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Adrián Orge Vecino, M^a Dolores García Rey, Trinidad Botana Mosquera (Persoal comedor)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

HORARIOS DO PERSOAL LABORAL NON DOCENTE (COIDADORA, CONSERXE E ADMINISTRATIVO)

Quindimil Núñez, José Manuel (Conserxe)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
Saída pola mañá	14:30	14:30	14:30	14:30	14:30
Entrada pola tarde	15:00	15:00	15:00	15:00	15:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

Fernández González, Isabel (Coidadora)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

Roca Baamonde, María Montserrat (Administrativo)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
Saída pola tarde	16:00	16:00	16:00	16:00	16:00

Capítulo III

Documento nº5. Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares

Neste documento preséntase a programación de actividades complementarias e extraescolares para o curso académico 2020/2021 para o CPI de Xanceda.

Son actividades **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

As actividades **extraescolares** son as que, organizadas polo Centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc, e figurando na PXA, se realizan fóra do horario lectivo.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requerirá autorización previa por escrito dos pais ou titores legais sempre que se desenvolvan fóra da localidade.

As actividades que se recollen nesta programación son soamente propostas e a súa realización dependerá da organización do centro, da dispoñibilidade de tempo e da decisión dos distintos departamentos e titorías de facelas ou non.

Hai saídas que neste momento é difícil prever polo que as que non estean neste documento deberán seguir o procedemento que figura no NOF.

A coordinadora de actividades complementarias e extraescolares será Cristina Toba Santabaya, profesora de Inglés de Infantil e Primaria.

Como actividade extraescolar de centro, ao finalizar o curso, o alumnado de 4º ESO, realizará unha saída cultural dun máximo dunha semana. A previsión da actividade é realizala ou no período que comprende as dúas últimas semanas de curso, ou na semana anterior ou posterior á Semana Santa, coincidindo co remate do segundo trimestre, ou incluso no mes de maio, dependendo do custo da viaxe, con previa autorización das familias. O destino está por determinar, dependerá do presuposto da viaxe e das actividades didácticas que se poidan realizar na excursión, así como do profesorado acompañante. Esta viaxe este curso estará condicionada pola situación sanitaria creada polo COVID 19 e só se poderá realizar se a situación epidemiolóxica o permite.

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Neste documento recóllese as contribucións que cada titor/a e profesor/a especialista das tres etapas que conforman o CPI de Xanceda (Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria), teñen programado para este curso 2020/21.

Este curso académico estará baseado principalmente porque debemos seguir en todo o momento os protocolos, instrucións e plans no relativo a situación excepcional de pandemia do coronavirus que estamos a vivir.

Dado que o Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares é aberto e flexible, se durante o presente curso académico 2020/21 se presentasen abrochos de Coronavirus, seguirase o Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid 19 nos Centros de Ensino Non Universitario de Galicia, o Plan de Adaptación á situación COVID-19 e, en especial, o Plan de Continxencia.

Con respecto ao Plan de Adaptación á situación COVID-19 do centro escolar elaborado polo equipo COVID do que son membra, ademais de ser a coordinadora deste equipo, cómpre destacar o punto corenta de normas para a realización de eventos a setembro do 2020:

“- Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal, Magosto, Entroido e Fin de Curso en gran grupo e con asistencia das familias.

- Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

- En canto as actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente.”

Por outra banda, a *ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, fai mención no seu Artigo 8 das conmemoracións que se deben celebrar como mínimo ademais das vinculadas cos períodos vacacionais: Magosto/Samaín/Halloween, Nadal, Entroido e fin de curso, que son actividades de carácter xeral e serán levadas a cabo coa implicación de todo o claustro. Ademais buscarase a implicación das familias nas tarefas que se estimen oportunas.

Cómpre dicir que todas estas actividades poderán ser realizarse en coordinación cos outros equipos do centro escolar.

Finalmente, unha vez que os/as docentes me solicitan o seu desexo de facer unha saída, serei a encargada de poñerme en contacto e desenrolar toda a tramitación: prezos, horarios, duración, temática a levar a cabo, transporte, autorizacións, entre outros aspectos; e transmitir dita información a todo o profesorado implicado nesta actividade a través do correo electrónico ou de modo presencial.

Como coordinadora propoño para este curso, e con ánimo de continuidade, unha avaliación das actividades que se desempeñen nos diferentes niveis ao longo do ano escolar. Dita autoavaliación cumprimentarase nunha ficha de avaliación das actividades, co fin de detectar e corrixir deficiencias e afondar nos logros para os vindeiros anos escolares.

Coordinadora de Actividades Complementarias e Extraescolares,

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2019-2020 - INFANTIL E PRIMARIA

INFANTIL

O ciclo de Infantil poderá participar nas actividades e celebracións programadas e reflectidas na PXA: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Semana de teatro... se a situación epidemiolóxica o permite e sendo conscientes de que a organización farase de maneira diferente.

A partir do 2º trimestre, os alumnos e alumnas de Educación Infantil participarán en distintos talleres sobre ciencia e emocións, si se poideran levar a cabo.

No resto das conmemoracións sinaladas no calendario escolar, a participación desta etapa seguirá as pautas marcadas para toda a Primaria.

Saídas didácticas: poderanse contemplar tres saídas didácticas (unha por trimestre), aínda sen determinar, debido á situación na que nos atopamos.

Tamén valoraremos algunha pequena saída para coñecer a contorna máis próxima, sempre que a nova normalidade o permita xa que nos atopamos nunha situación de pandemia na que temos que seguir unha serie de normas marcadas por protocolo.

En todo caso, si se puideran realizar, informaremos previamente ás familias e contaremos coa súa autorización por escrito.

1º-2º PRIMARIA

Antes de abordar este punto, deberemos destacar que **a realización destas actividades estará condicionada pola situación sanitaria** e o seu desenvolvemento ao longo do curso. Todas estas actividades poderán ser adiadas (sempre e cando non teñan relación con algunha data concreta), trocadas por outras ou mesmo canceladas se a evolución da pandemia así o requirise.

Participaremos na celebración de festas populares do Centro (magosto, Nadal, entroido) e nas efemérides programadas polos equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega. Participaremos tamén na semana de teatro a celebrar no mes de maio ou xuño. Realizaremos viaxes culturais e visitas que se organizarán ao longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos alumnos.

No primeiro trimestre está previsto dúas saídas:

- Saída ao cine no mes de Nadal.
- Saída á contorna para observar a paisaxe no cambio de estación.

Nos seguintes trimestres realizaranse saídas ao teatro, a museos, exposicións... e algunha outra que xurda e que sexa acorde cos contidos a traballar.

No último trimestre está previsto facer unha saída lúdica de fin de curso.

3º PRIMARIA

Durante este curso participaremos nas celebracións de festas no Centro: Magosto, Entroido, Festa fin de curso etc, e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo da biblioteca e co de dinamización da Lingua Galega que consideremos oportunas ou axeitadas.

Ademais realizaremos polo menos unha saída trimestral; No primeiro trimestre, un saída ao cine, no segundo trimestre, visitaremos un museo científico ou de arte e no terceiro trimestre unha saída con carácter máis lúdico.

É probable que fagamos saídas de recoñecemento do entorno.

Todas estas actividades quedan en expectativa ante a evolución da Covid-19.

4º PRIMARIA

Durante este curso participaremos nas celebracións de festas que se organicen desde o centro, se a situación sanitaria o permite, e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo da biblioteca e co de dinamización da Lingua Galega que consideremos oportunas e/ou axeitadas.

Ademais, se a situación sanitaria o permite, realizaremos polo menos unha saída trimestral: no primeiro trimestre, unha saída ao cine; no segundo trimestre, visitaremos un museo científico ou de arte; e no terceiro trimestre, unha saída con carácter máis lúdico.

Sempre tendo presentes as particularidades que envolven a este curso, se a situación sanitaria o permite, recóllese a posibilidade de facer algunha visita ao entorno do centro.

5º PRIMARIA

Debido á actual situación e a dificultade que presentan as saídas, participárase en aquelas que poideran xurdir, teñan interese educativo e se consideren seguras para o alumnado, así como en aquelas que se organicen no Centro (Día da paz, Samaín, Entroido,...) programadas polo equipo de Actividades complementarias e extraescolares, en coordinación co equipo de biblioteca e o Equipo de dinamización lingüística e as propostas polo Concello.

6º PRIMARIA

En coordinación co resto do profesorado de infantil e primaria do Centro, e ao tratarse dun centro de línea única, levaremos a cabo actividades complementarias e extraescolares adaptadas ao nivel do alumnado. Nunhas aproveitaremos saídas con outros niveis ou con todo o alumnado, e algunha é posible que se faga individualmente como grupo.

-Participar nas celebracións de festas populares co Centro (magosto, entroido, samaín, maios...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)

Fóra do Centro

-Participar en charlas e actividades programadas polo departamento de Orientación para este nivel educativo

-Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.

Este curso é difícil planificar saídas. Levaranse a cabo unha por trimestre, se a situación epidemiolóxica o permite, sempre respectando o protocolo correspondente.

Como en cursos anteriores, a planificación será de alomenos unha saída trimestral:

1º TRIMESTRE:

Saída ao cine, teatro ou algún concerto, dependendo das ofertas que haxa adaptadas ao alumnado

2º TRIMESTRE:

visita a algunha outra fábrica do concello de procesamento e elaboración de produtos lácteos.

Visita a algúns dos museos científicos de A Coruña

3º TRIMESTRE:

Saída de fin de curso, con actividades ao aire libre, preferentemente en zona de costa.

Aproveitaranse as oportunidades de actividades que poidan traerse ao centro, a fin de evitar os desprazamentos, e organizalas respectando sempre o protocolo en canto a distancias, aforo, medidas de protección e hixiene esixidas.

EDUCACIÓN FÍSICA

Dende a área de Educación Física este curso debido a situación excepcional de pandemia as actividades complementarias que levaremos a cabo serán individuais aínda que a posta en común será compartida na aula cos compañeiros coa finalidade de interactuar cos compañeiros e aprender outros valores como o respecto polo traballo dos compañeiros e compañeiras etc.

Algunhas actividades complementarias que se realizarán dende esta área serán:

- Practica de actividades físicas para a súa mellora que comenzaron a aprender na escola
- Recopilación de información como entrevistas aos seus avós de xogos populares
- Recopilación de xogos populares por medio das TICS
- Actividades rítmicas
- Elaboración de material de refugallo para xogos alternativos coa colaboración da familia.

INGLÉS

A programación é aberta e flexible, polo que se vai adaptando ao contexto (alumnos/as, período de adaptación, festividades,...) e ás distintas actividades complementarias e extraescolares promovidas, propostas ou organizadas dende a escola. Por ese motivo, inclúese na planificación festividades (que se celebrarán dun modo distinto a como se celebraba no curso anterior 2019/20) como Halloween, Christmas, Easter, etcétera.

Teremos en conta as datas de obrigada conmemoración e as posibles excursións/visitas/festivais que se poida presentar ao longo deste curso 2020-2021 e garantindo o distanciamento físico e medidas de hixiene tal e como se recolle no documento “Plan de Adaptación á Situación Covid 19 no curso 2020-2021”.

Cómpre destacar que neste presente curso escolar, evítase na medida do posible a colocación de murais para facilitar os procesos de limpeza e desinfección.

RELIXIÓN

Ante a incerteza de como vai evolucionar a pandemia non hai nada previsto. Pero no caso que se realizase algún evento pode facerse dun modo diferente como é evitar mesturas de alumnado de distinto nivel; estar ao aire libre sempre que o tempo o permita; facer labores de limpeza e desinfección; nas saídas didácticas respectar a normativa vixente dos aforamentos nos museos, cines, etc.

MÚSICA

En función dos contidos traballados poderían desenvolverse algunhas actividades complementarias, se ben a situación actual na que nos atopamos en plena pandemia causada pola Covid19, fai que se teña que ser prudente con respecto a realizar este tipo de actividades manténdonos expectantes á evolución da mesma.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ESO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Para este curso, o Departamento de Francés poderá propoñer algunhas das seguintes actividades propias da área de Francés:

- Proxección de fragmentos de películas en versión orixinal francesa, con subtítulos en francés, galego ou castelán, dependendo do nivel do alumnado.
- Asistencia a algunha obra de teatro en Francés, dependendo das circunstancias sanitarias no momento da proposta, da cantidade de alumnado interesado, do custe da entrada e do transporte ao lugar da representación.
- Formación dun grupo para presentar algunha canción ou panxoliña para Nadal ou unha data semellante (se os alumnos se prestan).
- Levaranse a cabo diversas accións vencelladas ó descubrimento e fomento da lingua francesa, conducentes ó coñecemento da cultura, arquitectura, costumes, tradicións,...tanto francesas coma francófonas.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Contemplanse as seguintes posibilidades se a excepcionalidade do presente curso o permitira:

- 2º ESO: visita aos museos científicos coruñeses: Casa das Ciencias (co planetario), DOMUS e MUNCYT.
- 3º ESO: visita a feira Galiciencia en Tecnopole (Ourense). Asistencia a actividades organizadas pola fundación Barrié.
- 4º ESO: visita ao centro de investigación CICA da Coruña. Actividades de Educación Ambiental no centro ou contorna. Asistencia a actividades organizadas pola fundación Barrié.

A temporalización destas actividades queda pendente dos horarios e dispoñibilidade das instalacións a visitar así como de aspectos organizativos do centro.

Dadas as características das visitas plantexadas, estas actividades poderanse organizar conxuntamente con outros departamentos de ciencias (Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Tecnoloxía), xa que poden ser relevantes para as materias impartidas por ditos departamentos.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

As programación didáctica elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ ou non presencial.

Non parece posible que ao longo deste curso os estudantes asistan a ningunha representación teatral ou outras actividades culturais que traten da cultura e da sociedade dos países de lingua inglesa.

Promoverase calquera experiencia e actividade que procure o intercambio cultural en calquer aspecto con outros países.

Intentarase que os nosos grupos de ESO participen de novo no concurso europeo entre países non falantes de inglés THE BIG CHALLENGE, baseado no coñecemento desta lingua e aspectos socioculturais.

Non poderemos facer unha visita a un país de lingua inglesa que tan enriquecedora foi outros anos. Todas as posibles actividades extraescolares contemplaranse en función da situación sanitaria do momento.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Dende o Departamento de Orientación traballaremos conxuntamente co resto do equipo docente no desenvolvemento e organización das **actividades extraescolares e complementarias** que o centro leve a cabo. Destacar que debido a actual situación sanitaria procurárase, na medida do posible que estas sexan en grupos reducidos, da mesma aula, e fomentaranse as visitas virtuais.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

As actividades complementarias e extraescolares faranse sempre tendo en conta o “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”. Por tanto, se as circunstancias o permiten, as actividades serán as seguintes:

- a. Con motivo da celebración da Semana da Ciencia en Galicia e para conmemorar no propio centro o día das matemáticas temos intención de organizar algunha actividade, como por exemplo, un concurso de fotografía matemática.
- b. Á marxe destas, deixamos aberta a posibilidade de participar nalgunha actividade ou visita a algún centro ou museo que poda resultar interesante dende o punto de vista matemático e dos cales o departamento teña noticia ó longo do curso a través dos medios ou por chegar información ó noso centro referente a elas.
- c. Así mesmo, se se nos require, prestaremos a nosa colaboración naquelas outras actividades desenvolvidas por outros departamentos didácticos, ou mesmo polo propio centro como posibles saídas o entorno .

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Durante o curso 2020/ 2021 poderanse levar a cabo actividades relacionadas coa asistencia a obras teatrais ou recitais de poesía ou calquera outra que poida xurdir e que, a xuízo deste departamento, sexa apropiada. Debemos ter en conta a situación de pandemia actual e tamén a imposibilidade de levar a cabo saídas culturais.

Por exemplo, propoñemos a visita a algunhas exposicións que pasamos a citar a continuación e que se relacionan coa nosa materia:

- “Linguas e traducción” na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela.
- “Tirando da lingua: as linguas minoritarias europeas” tamén na Biblioteca Pública de Santiago de Compostela.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

1er TRIMESTRE

ACTIVIDADE	ACTIVIDADES MULTIAVENTURA
FECHA	1º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

2º TRIMESTRE

ACTIVIDADE	VISITA A UN XIMNASIO DA ZONA
FECHA	2º TRIMESTRE
GRUPOS	4º ESO
B. CONTIDOS	Actividade física e saúde

ACTIVIDADE	SEMANA BRANCA
FECHA	2º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

ACTIVIDADE	PATINAXE EN PISTA DE XEO
FECHA	1º TRIMESTRE.
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

3er TRIMESTRE

ACTIVIDADE	ORIENTACIÓN
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

ACTIVIDADE	DESCENSO DE RIO (RAFFTING)
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/ 4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

VALORES ÉTICOS

As actividades extraescolares previstas para esta materia estarán acorde coas saídas que realicen os da materia de relixión. Debido za que son poucos alumnos/as realizáremolas de acordo con outros departamentos ou tutorías. Prevense tres saídas correspondentes aos tres trimestres. Como son alumnos de diferentes cursos (1º,2º, 3º e 4º) promoverase o compañerismo, a solidariedade, a convivencia, o traballo grupal e o diálogo.

Polo tanto as saídas serán en contornas naturais ou en contornas culturais e lúdicas.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

No momento da entrega da programación están aínda sen precisar, debéndose decidir aquelas actividades máis axeitadas para cada nivel e as datas nas que se deberan celebrar, ademais da posibilidade de organizar actividades que sexan axeitadas para outros departamentos. Na situación de alerta sanitaria actual, agardarase un tempo para ver se é posible facer algún tipo de actividade extraescolar ao longo do curso.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

No contexto de excepcionalidade en que se inicia este curso, debido á situación de pandemia pola COVID-19, este departamento non planificará no comezo do mesmo as actividades complementarias ou extraescolares, tal como viña facendo nos cursos anteriores. Se as circunstancias mudaren e permitisen a realización dalgunha desas actividades, quedaría reflectida a planificación das mesmas nas correspondentes

actas de reunión do departamento.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura ten disposición para realizar actividades que complementen o desenvolvemento harmónico e a formación íntegra do alumnado nas súas dimensións humanas e de cohesión social dentro do grupo. Para iso estima a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e tamén aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos alumnos e as alumnas no exterior do Centro. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do contorno –recollas de cultura tradicional, costumes, observacións, realización de traballos sobre a memoria histórica, etc- e coñecemento doutras realidades que non sexan da contorna –museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cursos de animación á lectura, á sensibilidade artística –musical, plástica, de expresión física, de defensa da natureza e medio ambiente, de respecto á integración, etc. sempre e cando acaden a autorización pertinente para a súa realización e os medios humanos e materiais o permitan.

Algunhas das actividades extraescolares que se veñen realizando nos últimos cursos son:

Asistencia a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán determinadas pola programación ofertada polos organizadores. A asistencia ás representacións e a selección dos grupos de alumnos asistentes terá en conta as características da obra representada, as idades para as que estea proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.

Participación nas actividades propostas polo EDNL e a biblioteca do centro.

Participación en certames literarios convocados por diferentes entidades.

A única actividade confirmada, polo de agora, para o alumnado de 3º ESO, de Lingua Galega e Literatura e de 2ª Lingua Estranxeira Portugués, é un proxecto na plataforma de centros escolares europeos eTwinning, en colaboración cun centro de ensino secundario de Sintra (Portugal). O proxecto terá como tema a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval e para o seu desenvolvemento o alumnado utilizará numerosas ferramentas dixitais

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

O departamento de música ten previsto realizar as seguintes actividades complementaria e extraescolares:

- Celebración do día de Santa Cecilia (patrona da música) para todos/as os/as alumnos/as a través de videoconferencia no mês de novembro.
 - Sesións de body percussion para os diferentes cursos da ESO.
- Sesións online para coñecer a labor feita polos luthiers. Posibilidades: Instrumentos de percusión (Xosé Sanín, Labacolla), a gaita (Seivane, Cambre). Para alumnos/as de 1º, 2º, 3º e 4º.
- Celebración do día internacional da música ao mesmo tempo que os/as alumnos/as de 2º, 3º e 4º ESO realizarán un concerto en streaming cara a graduación dos/as alumnos/as de 4º ESO.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Visita á carpintería Ramón García (actividade proposta pendente de confirmar). Para alumnado de 2º de ESO de Tecnoloxía

Na materia de Plástica en 1º e 3º de ESO

Durante este curso non están previstas actividades fora do centro en horario lectivo ou fóra deste, aínda que o Departamento debe subliñar que se poderán levar a cabo calquera outras que de modo imprevisto poidan xurdir e que a xuízo do Departamento sexan un complemento educativo para o alumno.

Ao longo do curso poden organizarse actividades extraescolares que aparecerán detalladas na memoria de final de curso.

O Departamento está aberto a calquer tipo de actividade que vaia xurdindo ao longo do curso, en relación coa materia.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Non se realizarán actividades complementarias como excursións, asistencia a conferencias e talleres, polo menos ate o cambio da situación actual de pandemia.

De maneira conxunta para todo o centro educativo, existe a posibilidade de realizar as seguintes actividades sempre e cando a organización determine que se poidan cumprir as medidas de seguridade do protocolo fronte á Covid-19:

- Magosto (mércores 30 de Outubro)
- Nadal (venres 20 de Decembro)
- Entroido (venres 21 de Febreiro)
- Festa d fin de curso (venres 19 de Xuño)

ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA. PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE BIBLIOTECA.

A nosa biblioteca e o noso centro atópanse situados nun contorno rural, polo que constitúen, xunto coa biblioteca municipal, un punto importante de acceso do alumnado á información e a cultura. Consideramos fundamental, xa que logo, ofrecer todas as facilidades para que o alumnado se achegue á biblioteca na procura de información e de lecer, e que incorporen á súa cotiandade o hábito de frecuentala e o uso dos fondos que lles ofrece.

O equipo da biblioteca está formado polas seguintes docentes:

- Dolores Díaz Rifón (coordinadora)
- Mónica Cores Vázquez

- Patricia Fernández García
- Marta García Salgado
- María Sanjurjo Moar

O horario da coordinadora é o seguinte:

- Martes: de 1.10 a 12.00
- Mércores: de 9.30 a 11.10
- Xoves: de 10:20 a 11:10

O equipo de biblioteca tamén atenden o alumnado nos recreos 11:10 a 11:40 (E. Primaria) e 12:00 a 12:30 (E. Secundaria). Durante estas gardas fanse os préstamos e devolucións, así como recomendacións de lecturas e películas. Ademais, celébrase unha reunión semanal do equipo e biblioteca os xoves de 12.30 a 13.20

No presente curso, o contexto sociosanitario derivado da pandemia da COVID-19, condicioa de maneira radical as dinámicas de uso da biblioteca. Así, foi preciso elaborar un protocolo que contempla todas as restricións acordadas coas normas ditadas ao respecto, polas autoridades educativas e sanitarias. Dito protocolo está publicado na páxina web do centro, e foi tamén exposto a todo o alumnado nas aulas.

Esta nova situación implica a imposibilidade de que o alumnado entre libremente na biblioteca, que poida tocar os libros que están nas estantes ou utilizar calquera xogo de mesa, publicación periódica ou ordenadores. Tamén afecta a todas as conmemoracións que se realizan habitualmente no centro, as visitas de escritoras e escritores, os contacontos, ou calquera actividade das que se viñan levando a cabo neste espazo.

En calquera caso, procurárase que, na medida do posible, a biblioteca siga a desempeñar a súa función, reducindo os aforos ou transformando as actividades presenciais en dixitais.

OBXECTIVOS.

Esta inesperada situación que estamos a vivir non nos permite saber se as condicións sanitarias mellorarán nin se, polo tanto, será posible ao longo do curso levar a cabo algunhas das actividades que hoxe están restrinxidas. En calquera caso, os obxectivos que se sinalan a continuación mantéñense, suxeita a súa consecución ao desenvolvemento das circunstancias impostas pola evolución da pandemia. Á hora de levar a cabo estes obxectivos procurárase dar resposta ás necesidades do alumnado das diferentes etapas (Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria).

- Mantemento da Rede de Voluntariado da Biblioteca, este ano só con alumnado de ESO.
- Información para o alumnado novo sobre o uso da biblioteca, a través do programa de formación de usuarios, así como a expedición do carné de préstamos.

- Creación de grupos de coordinación, entre o alumnado voluntario, para a xestión dos medios dixitais que servirán de soporte aos contidos relacionados coa biblioteca.
- Potenciar a formación dos membros do equipo de biblioteca.
- Colaboración co profesorado de E. Infantil e Primaria e todos os departamentos de ESO para a renovación e actualización de fondos.
- Colaboración coa biblioteca do Concello.
- Colaboración e coordinación co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística e tamén co departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Promoción de actividades enmarcadas no Plan Lector do centro.
- Promoción de actividades enmarcadas no plan de atención á diversidade do centro.
- Xornadas con escritores e escritoras, presenciais ou por videoconferencia.
- Actuacións de contacontos para o alumnado máis novo.
- Organización de diversos concursos.
- Fomento da lectura nos períodos vacacionais e de lecer, a través de suxestións, feitas polo alumnado e profesorado.
- Pre-expurgo e expurgo.
- Redistribución dos espazos e mobiliario da biblioteca.
- Cambios no expositor de novidades, así como exposicións conmemorativas en datas sinaladas.
- Actualización permanente da Estante de Igualdade.
- Catalogación e recatalogación de fondos.

RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.

- Continuidade da rede de voluntariado, como instrumento para a implicación do alumnado no traballo da biblioteca.
- Fomento de uso do libro electrónico entre o alumnado, coa adquisición de novas unidades e descarga de libros.
- Páxina web do centro. No apartado do menú “Biblioteca” publicaranse todas as novas e o resultado de actividades que se leven a cabo.
- Creación dun blog propio e unha canle de youtube onde se fomentará a participación do alumnado.
- Par dar a coñecer as novas adquisicións de fondos, así como variedade de títulos e títulos esenciais utilizarase o moble de novidades e de exposicións temporais, situado na entrada da biblioteca , ademais do blog da biblioteca.
- Renovación dos materiais contidos na Estante de Igualdade.

- Información ao profesorado, especialmente titores/as, sobre as actividades planificadas, a través do correo electrónico.
- Para cumprir co protocolo sanitario no referente á manipulación dos libros, distribuiranse caixas a todas as aulas para que sexan depositados e permanezan nelas o tempo prescrito.
- Recollida de suxestións feitas polo alumnado e o profesorado, tanto para a adquisición de fondos como para a realización de actividades.

CONTIDOS E ACTIVIDADES.

- Xestión da biblioteca co programa Meiga.
- Formación de usuarios no primeiro trimestre.
- Organización axeitada ás necesidades do centro tendo en conta os espazos da biblioteca.
- Coñecemento e utilización de recursos en rede en relación ás bibliotecas escolares.
- Coñecemento e utilización do blog da biblioteca.
- Mellorar no coñecemento e utilización de recursos en rede en relación ás bibliotecas escolares.
- Crear un espazo axeitado ás necesidades do alumnado. Valorar a creación dun novo espazo para o alumnado máis novo, etapa fundamental para o inicio do gusto pola lectura.
- Xornadas e charlas con escritoras e escritores.
- Participación do alumnado do centro nos encontros con autores e autoras, co obxectivo de fomentar a lectura entre o estudiantado, xa que, ademais de ler o libro, participarán activamente a través de preguntas relacionadas cos libros e coa vida dos escritores ou escritoras.
- Exposición dos fondos da personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas.
- Participación activa do alumnado do centro nas actividades propostas, así como en concursos de relatos ou contos.
- Participación do alumnado na recomendación de lecturas.

O contexto de excepcionalidade que supón a pandemia da COVID impide que se poidan planificar as actividades con antelación, dado que descoñecemos cal vai ser a evolución desta situación. Porén, concréntanse a continuación algunhas actividades que se levarían a cabo se for posible, adaptándoas aos protocolos sanitarios vixentes.

- Concurso “Un nome para a nosa biblioteca”, co obxectivo de que sexa o alumnado quen faga propostas para nomear a biblioteca.
- Concurso de videorrelatos de Samaín.
- Recomendación de lecturas para as vacacións de Nadal, para Infantil, Primaria e Secundaria.

- Celebración do Día da Música.
- Celebración do Día da Poesía: lecturas de poemas gravadas en vídeo.
- Celebración do Día Mundial do Libro: selección de libros para o profesorado do centro nunha exposición publicada na web do centro.
- Concurso de banda deseñada en colaboración co concello e o EDNL.
- Sesións de contacontos para educación Infantil e Primaria.
- Celebración do Día das Letras Galegas, en colaboración co EDNL.

METODOLOXÍA.

Nas reunións do equipo de biblioteca avaliaremos o traballo levado a cabo e salientaremos aqueles aspectos nos que podemos mellorar.

Dentro do equipo de biblioteca será fundamental que todas as integrantes participen de forma activa. Para a realización dos numerosos labores que require unha biblioteca é moi importante que cada membro teña claras as súas funcións, polo cal será de gran axuda dende un inicio facer un reparto das tarefas. Así mesmo, é preciso formar no uso do programa Meiga os novos membros do equipo, catalogación, organización xeral,...

Será fundamental fomentar a participación da comunidade educativa nas distintas actividades, estando a biblioteca aberta a calquera suxestión dos membros da comunidade educativa. Queremos que todos e todas teñan o seu espazo na biblioteca, e participen de forma activa; en definitiva, queremos unha biblioteca dinámica que se adapte á realidade e ás necesidades do centro.

Ao longo do curso iremos avaliando o funcionamento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos e, de ser preciso, poderanse engadir ou modificar aqueles obxectivos que o precisen.

HORARIO DA BIBLIOTECA

Estará aberta en horario de recreo para todo o alumnado baixo a vixilancia dunha profesora para realizar os préstamos e devolucións pertinentes, así como para asesorar o alumnado sobre as diversas lecturas.

O alumnado poderá utilizar a biblioteca, respectando as normas establecidas no protocolo de prevención ante a COVID-19.

NORMAS PARA O USO DA BIBLIOTECA NO PRESENTE CURSO.

Neste curso 2020-2021, a situación sanitaria provocada pola pandemia da Covid-19 obríganos a adoptar as seguintes normas para o uso da biblioteca:

1. ACCESO Á BIBLIOTECA.

- * O alumnado de E. Primaria só poderá acceder á biblioteca acompañado da súa titora ou titor e unicamente para escoller os libros que desexen levar como préstamo.
- * O alumnado de ESO poderá traballar na biblioteca durante o recreo. O aforo estará limitado a un máximo de 7 alumnos/as. Eses 7 lugares ocuparanse por orde de chegada. En ningún caso se poderá entrar na biblioteca sen obter previamente a autorización do profesorado que se atope de garda no recreo.

2. PRÉSTAMOS.

- * Alumnado de E. Primaria.

Estableceranse quendas para os diferentes grupos e, en horario de recreo, cada grupo acudirá á biblioteca, nos días que lle fosen asignados, acompañado da súa titora ou titor. Unha vez que o alumnado do grupo teña escollidos os libros que queren levar, a titora ou titor deixará constancia dos mesmos nun caderno que estará dispoñible na mesa do profesorado da biblioteca. Posteriormente, un dos membros do equipo da biblioteca levará os libros solicitados á aula dese grupo.

Para devolver os libros, o alumnado entregarállos á súa titora ou titor, que os depositará nunha caixa que terá á súa disposición para ese fin na súa aula. Transcorridas 24 horas, a titora ou titor levará eses libros á biblioteca e deixaraos enriba da mesa do profesorado. Posteriormente, serán os membros do equipo da biblioteca quen se encargue de facer constar as devolucións no programa Meiga e quen coloque os libros na estante correspondente.

- * Alumnado de ESO.

En cada grupo de ESO nomearase, entre o alumnado colaborador da biblioteca, unha encargada ou encargado dos préstamos de libros. A súa función consistirá en recoller as peticións dos membros do seu grupo. Para iso, anotará nun caderno os nomes e números de rexistro na biblioteca do alumnado que desexe levar libros como préstamo, así como os títulos dos mesmos. Unha vez por semana, o alumno ou alumna encargado dos préstamos acudirá á biblioteca durante o recreo para recoller os libros que solicitaron os membros do seu grupo e entregarállos na aula. Ningún outro alumno ou alumna, a excepción deste alumnado voluntario, poderá ir á biblioteca para solicitar préstamos de libros.

As devolucións faranse sempre os venres. Nese día, o alumnado de cada grupo devolveralle os libros que levou emprestados ao alumno ou alumna encargado dos préstamos no seu grupo, que será quen os traslade, en horario de recreo, á biblioteca. Alí entregarállos á profesora ou profesor que estea de garda nese momento, que os depositará nunha caixa destinada a tal efecto, para que permanezan alí durante 24 horas antes de seren devoltos ás estantes polo profesorado do equipo da

biblioteca. Ningún outro alumno ou alumna, a excepción do alumnado encargado dos préstamos, poderá acudir á biblioteca para facer unha devolución.

O préstamo e devolución de películas rexeranse polas normas referidas para os libros.

3. UTILIZACIÓN DO MATERIAL DA BIBLIOTECA.

- * Non está permitido utilizar os ordenadores da biblioteca
- * Os xogos de mesa que impliquen un uso compartido non se poderán utilizar na biblioteca nin se poderán levar ás aulas.
- * No presente curso non se levará a cabo o programa de Mochilas viaxeiras.

4. MEDIDAS HIXIÉNICAS.

- * É obrigatorio o uso de máscara na biblioteca, do mesmo xeito ca no resto das dependencias do centro.
- * Ao entrar na biblioteca é obrigatorio desinfectar as mans con xel hidroalcohólico, que se atopará na entrada da mesma.
- * O alumnado que acuda á biblioteca para estudar deberá proceder á desinfección do seu posto de traballo antes e despois da súa utilización. Para iso dispórase do material de limpeza necesario.

É moi importante manter en todo momento a distancia de seguridade entre as persoas que permanezan dentro da biblioteca, así como respectar escrupulosamente a sinalización dentro dese espazo.

Documento 6. Programa de formación do profesorado.

PFPP-INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC. TRABALLO COLABORATIVO EN REDE A TRAVÉS DE ESPAZOS VIRTUAIS. EDUCACIÓN DIXITAL

Este plan de formación será un seminario de 20 horas de formación, con dez horas de docencia a desenvolver entre novembro do 2020 e maio do 2021. O seminario será a través do entorno virtual, da páxina web e da aula virtual do centro.

O coordinador será o profesor de Tecnoloxía e Plástica, José Eliseo Bello Vázquez

A docencia será impartida por un docente externo, en horario aínda sen determinar

No seminario participará profesorado de infantil, primaria e secundaria

Xustificación deste plan de formación:

- Na situación actual, cada vez é máis necesario o uso da aula virtual, tanto por parte do profesorado como do alumnado, é fundamental coñecer o seu funcionamento e os recursos que proporciona para o ensino virtual.
- Os **obxectivos** son os seguintes:
- Acadar cada vez un maior desenvolvemento na aula virtual do centro e na páxina web.
- Dinamizar a páxina web do noso centro.

O fin a conseguir é que o profesorado participante acade un dominio da aula virtual: crear cursos, engadir recursos, explicar ao alumnado o seu funcionamento e acadar que unha porcentaxe o máis alta posible de alumnado, sobre todo a partir de 3º de primaria, sexa capaz de usar a aula virtual con aproveitamento.

CAPÍTULO IV

ORZAMENTO 2021

ORZAMENTO 2021

INGRESOS PREVISTOS		
d. Total dotacións da Consellería de C.E.O.U.		116179,00
a.1	Gastos de funcionamento FSE (Gastos directos e indirectos)	25807,00€ 12432,18€
a.3	Dotacións Bibliotecas Escolares (PLAMBE/INCLUSIVA)	3980,00
a.4	Plan de Mellora da Calidade (Contratos-Programa) +Transporte proa	10125,00
a.6	Comedores Escolares	63502,82
b)	Procedentes doutros organismos públicos (EDNL)	332,00
h. Remanentes:		
a. Conta de Gastos de Funcionamento:		58393,92
b. Conta de Comedor:		30659,90
i. Achegas		
TOTAL DISPONIBLE:		111070,10
a. Para gastos de funcionamento e outros:		94162,72
b. Para comedor:		

GASTOS:

GASTOS PREVISTOS		
1.	Arrendamentos.	0,00
2.	Reparacións, mantemento e conservación.	10000,00
3.	Material de oficina.	1000,00
4.	Subministracións. En subministracións está incluído gastos derivados da pandemia COVID-19	55000,00
5.	Comunicacións.	1000,00
6.	Transporte.	4100,00

7.	Traballos realizados por outras empresas.	1500,00
8.	Primas de seguro.	0,00
9.	Tributos.	0,00
10.	Axudas de custo e locomoción.	700,00
11.	Gastos diversos.	10000,00
12.	Mobiliario e utensilios inventariables.	26370,10
13.	Outros materiais inventariables.	6000,00
14.	Comedores escolares.	94162,72
TOTAL GASTOS PREVISTOS:		
2.	Reparacións, mantemento e conservación: Alarma Mantemento informático Carpintería Fontanería Electricista, Reparación varias para a posta a punto des instalación	10000,00
3.	Material de oficina: Material administración Folios Outros	1000,00
4.	Subministracións: Fotocopias Tintas Gasoil (aprox 15000,00€ anuais) Departamentos(23 departamentos + titorias · 300€ = 6900€ / orientación 2000€ material+ 2000€ actividades) Biblioteca (6000+ 3980 € PLAMBE+ inclusiva+) Extraescolares e Complementarias (5000€ realizar actividades no centro) Gastos derivados da pandemia COVID-19 (10000€) Outros	55000,00
5.	Comunicacións: SMS Correos	1000,00
6.	Transporte: Excursións Proa	4100,00
7.	Traballos realizados por outras empresas: Imprenta Charlas Actividades presenciais	1500,00
10.	Axudas de custo e locomoción: Profesorado Alumnado	700,00
11.	Gastos diversos: Agasallos Comisións bancarias Outros	10000,00

12.	Mobiliario e utensilios inventariables: Estufas Deshumidificadores Ordenadores Impresoras Outros	26 370,10
13.	Outros materiais inventariables:	6000,00
14.	Comedores escolares:	94162,72

ANEXO I

PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo en vigor foi aprobado en Claustro con data 29 de xuño de 2017 e ratificado polo Consello Escolar en sesión de 29 de xuño de 2017, este curso levarase a cabo a súa revisión, modificación que procedan e posterior aprobación polo Claustro e o Consello Escolar

ANEXO II

DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

O Desenvolvemento Curricular foi aprobado en Claustro con data 29 de xuño de 2017 e ratificado polo Consello Escolar en sesión de 29 de xuño de 2017, non hai modificacións neste curso. Levarase a cabo a súa revisión e modificacións que procedan, para a posterior aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.

ANEXO III

D130/2007 D133/2007

1.- PLAN ANUAL DE LECTURA

O Proxecto Lector de Centro foi revisado e reelaborado a principios do curso 2019/2020, e aprobado en Claustro o 5 de novembro de 2019 e en Consello Escolar o 5 de novembro de 2019, engadindo ás súas pautas o Plan Lector Anual que segue.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2020/2021

Despois de avaliar a experiencia do curso pasado, o equipo de biblioteca propón seguir fomentando o hábito lector, motivar o alumnado na procura de información e no uso das diversas fontes e recursos tecnolóxicos e fomentar o interese e uso da biblioteca escolar dende actividades dinámicas, activas e incentivadoras.

Cómpre salientar que, no presente curso, todas as propostas da biblioteca do centro estarán condicionadas polas restricións impostas como medidas de prevención ante a pandemia da COVID-19. Mudarase, polo tanto, o modo de presentación de moitas destas actividades, que pasarán do formato presencial ao dixital, e reducirase notablemente o aforo cando se celebren presencialmente no centro.

Algunhas das propostas para a promoción da lectura no presente curso son as seguintes:

- Formación de novos voluntarios e voluntarias. Tamén se pretende atribuír maior responsabilidade na actividade da biblioteca ao voluntariado que xa ten experiencia de cursos pasados nesta tarefa. Consideramos moi útiles as súas recomendacións lectoras para o resto do alumnado.
- Continuidade da actividade “Hora de ler” en primaria e secundaria.
- Promoción do uso de libros dixitais, coa adquisición de novas unidades que se emprestarán ao alumnado; ademais, facilitaráselles a descarga de libros do seu interese.
- Creación dun blog e unha canle de youtube para publicar novidades, actividades ou comentarios sobre a biblioteca. Ambos serán coordinados polo alumnado voluntario, coa supervisión do equipo de profesoras da biblioteca.
- Difusión das novas adquisicións e as máis lidas: dixitalmente (book trailers), oralmente (nas aulas) e en textos escritos publicados no blog.
- Celebración do Día das Bibliotecas Escolares, coa creación e exposición nas aulas, por parte do alumnado voluntario, dun vídeo informativo sobre o funcionamento da nosa biblioteca.

- Convocatoria de concursos relacionados coas diferentes datas obxecto de conmemoración: Samaín, Entroido...
- Elaboración dunha guía de lectura para as vacacións do Nadal.
- Celebración do Día do Libro coa maratón de lectura entre primaria e secundaria.
- Celebración do Día da Poesía, co recitado de poemas en diferentes linguas.
- Concurso de Banda Deseñada.
- Conversas con autoras/es e ilustradores/as, presencialmente ou por videoconferencia.
- Concursos de cartas de San Valente.
- Concurso de postais de ano novo.
- Recital de maios (maio).
- Construír efemérides literarias por parte do voluntariado da biblioteca.
- Concurso para escoller un nome para a nosa biblioteca.

1.1- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR INFANTIL E PRIMARIA

INFANTIL

Tal como marca a lexislación vixente, integrámonos no Plan Lector do Centro, adecuándonos ao noso nivel educativo.

Posto que nesta etapa o alumnado non domina a lectura, consideramos que o noso papel fundamental é a motivación cara a mesma.

A ferramenta máxica é o conto: a través do seu simbolismo, os nenos e nenas atopan un punto intermedio entre o real e o imaxinario.

“Hora do conto” (hora de ler): é un momento máxico que temos a diario na aula. “Aprendemos cos contos”: consiste en sesións de traballo arredor dos contos, de xeito lúdico, pero utilizando ao máximo as súas posibilidades como recurso educativo.

Obxectivos:

- Favorecer a interrelación entre o alumnado.
- Estimular o interese pola a lectura (sobre todo dende as posibilidades lúdicas que ofrece) e o gusto polos libros.
- Utilizar o conto como recurso didáctico nas distintas dimensións que presenta: comprensión, expresión, memorización, dramatización, etc.

Actividades:

- Reunir os nenos/as nun único espazo (aula, biblioteca, patio) e “ler” un conto.
- Lectura colectiva do conto.
- Traballar a comprensión do conto e a expresión dende os distintos personaxes, dialogar sobre as ilustracións.
- Colorear a portada e copiar o título.
- Pedir que aporten historias imaxinadas por eles ou recoñecidas noutros contos similares a que estamos a tratar.
- Buscar outro final, cambiar personaxes, inventar outro título, mesturar contos... estimular a creatividade (técnicas Rodari),
- Elaborar unha pequena carpeta cos nosos traballos.
- Elaboración e exposición no corredor dunha portada xigante utilizando distintas técnicas plásticas.
- Cantigas, danzas e xogo dramático.

Criteria para a selección dos contos:

Partimos do ámbito emocional, esencial nesta etapa, procurando sempre que sexan contos atractivos e motivadores para eles. Buscamos ademais a novidade e a potenciación do noso idioma así como a variedade de textos e ilustracións.

1º E 2º PRIMARIA

Todos os días adicamos un tempo a ler que varía en función da evolución dos nen@s no proceso lector e que nunca será inferior a 20 minutos.

Para favorecer a motivación dos nenos cara a lectura procuraremos variar as actividades:

- Lectura individual.
- Lectura colectiva.
- Acompañamento musical.
- Cada día os nenos levan un conto para casa, que eles mesmos escollen dentro da biblioteca de aula, desta maneira implicamos a familia e fomentamos o hábito da lectura.
- Procuramos que a lectura sexa variada (narrativa, banda deseñada, poesía, Ciencia,...) e renovamos periódicamente, co asesoramento dos responsables de biblioteca, a biblioteca de aula.

Tamén teremos en conta as directrices establecidas polo centro dende o equipo de normalización lingüística, equipo de biblioteca e o Plan Lector do centro....

3º PRIMARIA

Debido á pandemia da Covid-19, as actividades da biblioteca quedan supeditadas ao protocolo que esta ditamine. En condicións normais, este sería o seu desenvolvemento:

OBXECTIVOS:

- Transmitir aos alumnos/as que a lectura supón, momentos de tranquilidade e divertimento.
- Dar a coñecer e aprender textos de tradición oral: ditos, tabalinguas, et.
- Coñecer autores e que os seus nomes se vaian facendo familiares.
- Coñecer distintos xéneros literarios: cómic, conto, poesía, et.
- Ampliar vocabulario.
- Coñecer, por medio da lectura, outras culturas e maneiras de vivir.
- Ampliar os coñecementos das distintas áreas.

METODOLOXÍA

No curso de 3º de Primaria, traballamos esta disciplina en todas as áreas a través das lecturas que introducen as unidades e paralelamente, a comprensión lectora.

Na “hora de ler”, á que lle dedicamos 20 minutos diarios, os alumnos/as baixan á biblioteca do centro e cada un deles escolle dous títulos, coa supervisión da mestra, segundo os seus gustos e intereses. Estes libros deposítanos no andel da biblioteca de aula e durante unha tempada (dous meses, máis ou menos) van rotando entre eles. Pasado este tempo, volvemos á biblioteca do centro e cambiámoslos por outros.

ACTIVIDADES A REALIZAR NA “HORA DE LER”

- Lectura silenciosa e individual.
- Realización de marcapáxinas para marcar onde quedan e poder seguir ao día seguinte.
- Lectura en alto dalgún conto ou fragmento por parte dun alumno ou alumna ao resto da clase.
- Memorización de poesías que despois recitarán noutros cursos.
- Información sobre palabras descoñecidas que aparecen nos textos.
- Recomendacións, entre eles, dos libros que máis lles gustan.

4º PRIMARIA

Obxectivos:

- Transmitir aos alumnos/as que a lectura supón, momentos de tranquilidade e divertimento.
- Dar a coñecer e aprender textos de tradición oral: ditos, trabalinguas, etc.
- Coñecer autores e que os seus nomes se vaian facendo familiares así como as súas obras máis salientables.
- Dar a coñecer as obras máis relevantes da literatura española e especialmente da literatura galega.
- Coñecer distintos xéneros literarios: cómic, conto, poesía, etc.

- Ampliar vocabulario.
- Coñecer, por medio da lectura, outras culturas e maneiras de vivir.
- Ampliar os coñecementos das distintas áreas.

Metodoloxía.

No curso de 4º de Primaria, traballamos esta disciplina en todas as áreas a través das lecturas que introducen as unidades e paralelamente, a comprensión lectora.

Na “hora de ler”, á que lle dedicamos 20 minutos diarios, o alumnado fará lecturas diferentes atendendo aos seus gustos e aos obxectivos planificados neste plan.

Ademais, baixaremos á biblioteca e o alumnado collerá un título que lerá na aula e na casa, de así o querer o alumno ou a alumna, seguindo as instrucións do protocolo da biblioteca.

Neste curso non faremos uso da biblioteca da aula, co fin de atender ás recomendacións para frear a expansión da Covid 19, pero o alumnado poderá traer á aula títulos pertencentes á súa biblioteca persoal e que lerá e explicará ao resto da aula, presentando a obra en base aos aspectos dela que máis lle gustan.

Actividades a realizar na “hora de ler”:

- Lectura silenciosa e individual.
- Lectura compartida.
- Realización de marcapáxinas para marcar onde quedan e poder seguir ao día seguinte.
- Lectura en alto dalgún conto ou fragmento por parte dun alumno ou alumna ao resto da clase.
- Memorización de poesías que despois recitarán noutros cursos.
- Información sobre palabras descoñecidas que aparecen nos textos.
- Recomendacións, entre eles, dos libros que máis lles gustan.

5º PRIMARIA

A lectura é, sen dúbida, unha destreza básica que se aprende e que os alumnos deben dominar para comprender e interpretar adecuadamente o mundo que os rodea; pero, ademais, conta cun importante componente adictivo que se fomenta ofrecendo una variedade de libros atractivos para o alumnado, que fagan que a lectura sexa en sí gratificante.

Os alumnos de quinto curso de Educación Primaria atópanse no momento de afianzar a competencia comunicativa como ferramente para todos os demais aprendizaxes e para a interacción en múltiples contextos sociais.

A través da lingua adquiren os distintos coñecementos, elaboran os seus pensamentos e relaciónanse co entorno. Polo tanto a destreza en lectura e en escritura son fundamentais. Neste momento consolídase a súa

capacidade para distinguir entre distintos tipos de textos, pero tamén para desenvolver o gusto pola lectura, así como a capacidade de valorar críticamente os libros leídos.

Os alumnos de 5º dispoñen de abundante e variado material de lectura na biblioteca do Centro e, de maneira máis reducida, na biblioteca de aula.

As actividades que se realizan para o desenvolvemento do Plan Lector, son as seguintes:

- Lectura individual en silencio durante vinte minutos todos os días. Os alumnos han de ler, como mínimo, dous libros ao trimestre, aínda que a maioría supera con creces este número. - Os alumnos escollen os libros que desexan leer. Cuando rematan a lectura fan unha pequena crítica do libro, e, si lles gustou, dan as razón polas que o recomendan ao 90 resto dos seus compañeiros. Esto anima aos menos motivados a dirixirse a unha lectura concreta.
- Cada alumno leva un rexistro das lecturas realizadas.
- Realízanse actividades de comprensión e expresión lectora en todas as clases de lingua.
- A biblioteca pon á disposición dos alumnos unha gran variedade de libros con contidos variados e adaptados ao seu nivel para estimular a lectura. Así mesmo, relacionadas coas distintas celebracións do ano, propón actividades creativas relacionadas coa lectura.

6º PRIMARIA

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.

d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Para tentar acadar estes obxectivos levaranse a cabo as accións seguintes:

- Escoller textos adecuados aos intereses dos alumnos.
- Facer lecturas colectivas que exerciten a velocidade e a entoación.
- Crear unha biblioteca de aula con libros que traten temas relacionados cos nosos proxectos de traballo.
- Visitar a biblioteca do centro.
- Participar nas actividades de animación á lectura propostas polo equipo de biblioteca.

Adicarase o tempo da hora de ler a que o alumno lea na aula lecturas escollidas por el xeralmente, pero tamén lecturas guiadas encamiñadas a ler obras de autores que poden vir ao centro nas actividades organizadas pola biblioteca. Tamén se aproveitará o mes de maio para a lectura de obras do autor homenaxeado nas Letras Galegas, axeitadas ao nivel do alumnado. Cara o mes de xuño a lectura tomará un camiño máis teatral, dado que participaremos na “semana do teatro” organizada todos os anos no centro, e onde o alumnado representará unha obra, aínda por escoller, adaptada á súa idade.

EDUCACIÓN FÍSICA

Dende a área de Educación Física facemos actividades nas que traballamos o plan lector como:

- Lectura de tarxetas en actividades como circuitos
- Lectura de pegatinas en unha actividade de animación
- Lectura de tarxetas nunha actividade de imitación de volta á calma
- Realización de probas escritas para as cales teñen que ler e escribir
- Lectura de pequenas obras teatras e curtas
- Lectura na búsqueda de información nas TICs sobre xogos populares
- Lectura de diapositivas de explicación de diferentes xogos e temáticas
- Lectura en probas de orientación en cursos superiores (5 e 6).

INGLÉS

Contribuiremos ao Proxecto Lector de Centro a través da lectura de contos tanto en soporte físico como dixital tendo en conta que deben estar sempre apoiados con imaxes para facilitar o seu entendemento e comprensión.

Para iso empregaremos os contos que haxa na biblioteca de aula e/ou na biblioteca de centro.

RELIXIÓN

Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.

Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas,...).
- Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en apoio papel e en pantalla.

MÚSICA

Accións previstas de acordo co plan lector.

Dende a asignatura de Música contribuirase á adquisición dos obxectivos propostos polo Plan Lector con actividades de interese musical para o alumnado, que conterán lecturas diversas e exercicios de comprensión lectora sobre algún tema relacionado coa música: artigos, documentos gráficos con información sobre compositores, instrumentos, agrupacións musicais, historia, diferentes estilos de música, ...

Non esquezamos que xa dende o tratamento de calquera canción, se deberá abordar a comprensión da letra da mesma e que se interpretarán en distintos idiomas: galego, inglés, castelán, francés, ...

1.2.- ACCIÓNS PREVISTAS DACORDO CO PROXECTO LECTOR- ESO

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

De acordo co establecido no anexo V do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar a lectura entre o seu alumnado, para o cal se suxerirán diferentes lecturas de libros, revistas, ou recortes de prensa, dependendo das existencias no centro de ensino.

O plan de lectura defínese como un plan global que forma parte do PEC e que considera a lectura-

escritura como ferramentas imprescindibles da aprendizaxe .

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

“O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Con estas premisas, as propostas para este curso son as seguintes:

- Ademais dos exercicios de comprensión lectora que figuran nos materias curriculares na aula, poderán traballarse textos agrupados baixo o denominador común de “Ciencia” e que poderán ser seleccionados dos libros dispoñibles na Biblioteca do CPI de Xanceda, de publicacións electrónicas, ou revistas de divulgación científica. Tamén se poderán ler textos xornalísticos nos que se comenten novidades nos campos da Ciencia e a Tecnoloxía e as súas implicacións socioeconómicas e medioambientais.
- Ó final da lectura, poderá pedírselles ós alumnos que desenvolvan algunha actividade relacionada coa lectura como resumen, presentación pública, etc. que poderá formar parte da cualificación do trimestre no apartado correspondente a traballos e investigacións.

- **Textos recomendados:**

4º ESO (CAAP):

- * Osos de Pantera: para entender la genética humana. Silvia Aymerich. Ed. Octaedro, 1998.
- El ayudante de Darwin. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.
- El viaje de la evolución. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.
- Hello Dolly!. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.
- La historia más bella del mundo. Ed. Anagrama, 2006.
- Os nenos da varíola
- La Tierra herida. Miguel Delibes, Miguel Delibes De Castro.
- La especie elegida. J.L. Arsuaga.
- El collar del Neanderthal. J.L. Arsuaga.
- La física en la vida cotidiana. Rojo, A.: colección Alandar. Editorial Edelvives.
- El clan del oso cavernario. Auel, Jean Marie.
- Viaje alucinante. Isaac Asimov. Ed de bolsillo.
- La tierra herida. Miguel Delibes.
- El pulgar del Panda. Stephen Jay Gould.
- La magia de la realidad. Richard Dawkins.

4º de ESO:

- * “Historia del Tiempo” de Stephen W. Hawing
- * “Biografía de la Física” de George Gamow.

3º y 2º de ESO:

- * “Breve Historia de la Química”, “El Universo”, “Cien Preguntas Básicas sobre la Ciencia” e outros textos cuxo autor sexa tamén Isaac Asimov.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Colaboraremos neste plan por medio do fomento de lecturas do noso campo, como libros relacionados coa materia de EF, relacionados co deporte, como os de récords deportivos, ou prensa deportiva. Neste senso cada pequeno grupo de alumnos/as terán que leer e expoñer semanalmente o resto da clase, unha noticia deportiva lida na prensa.

VALORES ÉTICOS

Utilizaremos o libro de aula e tamén as lecturas que poidamos atopar en Internet e en libros diversos da biblioteca, así coma unha escolma de textos nos que os alumnos estean interesados. Nesta materia será fundamental ler e escribir, e máis que nada á hora de crear blogs ou páxinas comunitarias onde se fará visible a nosa tarefa diaria.

XADREZ

Colaboraremos neste plan por medio do fomento de lecturas do noso campo, como libros relacionados coa materia do xadrez. Lectura en voz alta das noticias sobre Xadrez que aparezan na prensa e nas revistas especializadas. Preguntas sobre os textos lidos para pescudar o nivel de comprensión.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha porque a realidade nos di que os rapaces cada vez len menos e ven máis televisión, que soamente len por obriga. Aínda con esas dificultades e vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura. Se os alumnos collen este hábito nestas idades en que están a forxar as súas personalidades, pensamos que non as deixarán nas súas vidas.

A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este plan nace cos seguintes **obxectivos**: -Fomentar o hábito lector dende a área de lingua estranxeira en todos os niveis.

- Desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía que de enriquecemento persoal.
- Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada curso, polo menos un libro, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesor como por iniciativa propia.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

- Utilizaranse libros adaptados, contos curtos ou letras de cancións como o instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas. - Utilizarase a Biblioteca cando sexa posible como centro de recursos e apoio á aprendizaxe. - Buscaranse e aplicarán estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.

- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

- Para fomentar o hábito da lectura, tal e como se recolle no Título III do Decreto 86/2015, os centros elaborarán un **Proxecto Lector**, asegurándose como mínimo, media hora diaria de lectura. Éste elaborase cada catro cursos escolares e despois anualmente realízase un **Plan Anual á Lectura** que se inclúe na Programación Xeral Anual .
- A modo de exemplo indicamos algunhas actividades a realizar dende o departamento de matemáticas:
- Organización polo departamento de matemáticas dun concurso de narracións ou relatos curtos nos que na trama se mesturen aspectos ou personaxes relacionados dalgún xeito co mundo das matemáticas. Nas bases do concurso o departamento poderá deixar aos alumnos a libre elección do tema ou ben propoñerlles un tema común para todas as narracións.
- Tamén participaremos no **concurso de proxectos creativos nos que π será o protagonista principal**, organizado pola Fundación Descubre, la Real Sociedad Matemática Española, la Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas, la Universidad de Granada y la Asociación Andaluza de Educación Matemática Thales. Participaran na modalidade de **Relatos** (de divulgación sobre Pi e as súas propiedades ou de ficción en que Pi ten un papel protagonista)
- Presentar en clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun xornal, fomentando así a lectura de xornais e a análise e reflexión críticas de noticias con contido matemático que aparezan en prensa.
- Como xa se comentou no apartado anterior de integración das TIC, elaboraranse traballos sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas ao longo da historia, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.
- O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro do listado de volumes propostos e pertencentes á biblioteca. Coméntanse, leense fragmentos e realízanse actividades na clase sobre eles. Por exemplo:
 - “El asesinato del profesor de matemáticas” de Jordi Sierra i Fabra. Ed.: Grupo Anaya, S.A.
 - “Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números” de Carlo Frabetti. Ed.: Alfaguara Ediciones
 - “El señor del cero” de M^a Isabel Molina. Ed.: Alfaguara Ediciones

- “El curioso incidente del perro a medianoche” de Mark Haddon Ed.: Salamandra
- O departamento de matemáticas participará durante o presente curso na actividade de fomento da lectura que organiza a Biblioteca do Centro.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O feito de incluír a lectura dentro da programación do Departamento de Francés faise coa idea de desenvolver un Plan Individual de Lectura en cada curso de Secundaria no que se imparte esta materia, de modo que, a través dun asesoramento individualizado do proceso lector, se atenda ao nivel dispar de competencia lectora de cada alumno e alumna e aos seus gustos temáticos.

Así, e no sentido de fomento da lectura, cada trimestre se poderá propoñer unha lectura fácil e graduada en Francés, segundo o nivel que presente cada alumno e alumna. Deste xeito, cada un deles poderá ler, a lo menos, tres libros ao ano, diferentes aos dos demais. A avaliación desas lecturas levarase a cabo mediante un resumo na súa lingua materna sobre a historia que se conta.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Proporanse lectura de artigos, de obras e de fontes históricas relacionadas coas materias deste Departamento que cubran diferentes idades históricas. Colaboraremos coas actividades da biblioteca do centro sempre que sexa posible e intentaremos fomentar a lectura pracenteira acudindo á biblioteca para dar a coñecer os fondos da mesma, a curiosidade por algúns títulos, facer recomendacións entre iguais e animar á participación nos clubs de lectura., facendo suxerencias de libros para os mesmos.

Ademais no día a día da clase teranse en conta elementos que forman parte deste Plan Lector como poden ser:

- Valoración da capacidade expresiva do alumnado, tanto escrita como oral.
- Elaboración de redaccións, informes sobre temas relacionados coa materia, que logo deben ser leídas/expostas.
- Valoración das tarefas, esixíndose un mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexibilidade.
- Lecturas de textos diversos coa finalidade de comprobar se existe unha lectura comprensiva.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

O alumnado deberá realizar a lectura dun libro por trimestre, determinados polo departamento. Neste curso propóñense obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contidos transversais. Tamén se incluírá, en 3º e 4º de ESO, algunha obra correspondente aos períodos literarios que forman parte do currículo. Ademais, proporanse outras lecturas para faceren voluntariamente.

Enviaráselles ás familias, a través do alumnado unha relación de obras de diferentes xéneros, co obxectivo de que desde os propios fogares se fomente a lectura escollendo, por exemplo, algún deses libros como agasallo para os rapaces e rapazas.

Fomentarase o uso dos fondos contidos na biblioteca e a participación nas actividades de animación á lectura propostas desde ese espazo.

Tentaremos achegar o alumnado a personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas, tanto dentro da aula como noutras actividades complementarias, para que coñezan e valoren a personaxe e a súa obra.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A materia de Lingua Castelá e Literatura contribúe a afianzar a Competencia Lectora dos alumnos. O Plan Lector referido no anexo V do Decreto 133/2007, establece que cada día se adique no centro un tempo diario á lectura e tamén á redacción dun traballo de comprensión.

As lecturas obrigatorias tamén contribúen á Competencia Lingüística e Lectora dos alumnos. As sesións do Clube de Lectura organízanse en colaboración ca Biblioteca do centro unha vez ó mes. O aforo está limitado así que estableceranse varias quendas.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Pódese realizar unha interesante actividade de lectura de libros de temática musical que servirá de complemento e mellora da nota final da asignatura.

1. Ofrécese unha lista comentada con varios que tratan a música, directa ou indirectamente. Podes consultalos previamente e despois elixir un deles: completo, si é unha novela ou cómic, ou algúns capítulos, si son relatos breves ou libros históricos ou técnicos
2. Tamén se pode elixir un libro na biblioteca do centro, cando soliciten o préstamo (deben procurar non telo máis dunha semana, para que os seus compañeiros poidan tamén dispoñer del. O/A profesor/a de Música para comunicarlle que vas realizar o traballo e así che poida orientar mellor.

3. Ao finalizalo realíza-se unha ficha de lectura.

LISTA DE LIBROS RECOMENDADOS

A. NOVELAS (Lectura completa)

1. *Mi amigo Albéniz* – STURNIOLO, Norma.

Historia sobre dous mozos de 15 anos, un deles o gran compositor español Isaac Albéniz, e como a súa amizade determina as súas vidas.

2. *El misterio de la ópera* - STURNIOLO, Norma.

Historia detectivesca na que un grupo de adolescentes péñtranse no Teatro da Ópera para resolver un misterio e quedan fascinados por ese mundo.

3. *Los acordes del destino* – GHATA, Yasmine.

Conto oriental sobre un instrumento musical que herdán dous irmáns e a súa influencia na vida de ambos.

4. *El joven Lennon* – SERRA I FABRA, Jordi.

(Este libro atópase no estante de Biografías) Reconstrúe o que puido ser a vida do membro de The Beatles, John Lennon; a procura da súa identidade nos anos do seu adolescencia e mocidade.

5. *Nocturno* – HERRÁIZ, Santiago.

Novela sobre un mozo que atopa a un ancián. Este ensínaralle a aproveitar o don que posúe para expresarse a través dun violín.

6. *Sonata de amor* – ÁLVAREZ, Blanca.

Primeira novela dunha colección na que as catro integrantes dun cuarteto de cordo comparten alegrías e tristezas.

7. *Capricho 24* – ÁLVAREZ, Blanca.

Segunda novela da mesma colección, continuación da anterior.

8. *La partitura rota* – ÁLVAREZ, Blanca.

Terceira novela da mesma colección, narra os problemas familiares e persoais de Cloe e o apoio que recibe das súas amigas do cuarteto de cordo.

9. *El síndrome Mozart* – MOURE, Gonzalo.

Novela realista sobre a amizade, o amor e a comunicación, co trasfondo dun gran talento musical que nos recorda a un dos grandes compositores da historia da música.

10. *El contrabajo* – SÚSKIND, Patrick.

Monólogo que retrata o dobre fondo e paradojas da vida mediante un contrabajo e o seu intérprete encerrados nunha pequena habitación.

11. *¡The Melocotons al fama! y otras historias sobre le negocio de la música que debes conocer* –

ORTEGA, Paco.

Este libro encerra todo o que hai que saber obre o proceso de grabación, edición, promoción e distribución dun disco, que descobre o lector a través da historia de Nico e The Melocotons.

12. *La pequeña historia del rock* – IZQUIERDO, Eduardo , RIO, Jordi del, CRESPO, Alfred. Tocho, uno de los chicos “guays” del colegio, entra un día en la tienda de discos del padre de Roc. Por casualidad Roc le cuenta la historia de Elvis Presley y Tocho descubre lo interesante que es la música que escucha su “viejo”

13. *La flauta mágica* – DESCLOT, Miquel.

Versión da historia da coñecida ópera de Mozart en forma de relato.

14. *El fantasma de Mozart* – GREGORI, Inés y GREGORI, Javier.

Uns cantos mozos dun instituto, movidos polo empeño da súa profesora de música embárcanse na aventura de tocar unha partitura de Mozart que lles levará desde facerse cun instrumento musical e aprender a tocalo a voar a Salzburgo á casa en que naceu o compositor.

15. *El color de la música* –GREGORI, Javier.

Narra as aventuras de Alicerce, unha nena que odiaba o campo, pero que alí descubriu o fascinante poder da música. Todo nun ambiente de soños e fantasía.

B. HISTORIAS Y RELATOS BREVES SOBRE MÚSICA Y COMPOSITORES - (Pódense elixir capítulos soltos para o traballo)

1. *Verdi o la fuerza del sino y otros relatos sobre músicos* – LEZA, M.Jesús. Trátase dun conxunto de relatos a partir de obras e biografías de compositores.

2. *Historias insólitas de la música* – LINDT, Lawrence.

Estudo de momentos crave da historia da música, indagando na trastienda da biografía dos seus protagonistas.

3. *¿Por qué Beethoven tiró el estofado?* – ISSERLIS, Steven.

Percorrido pola vida de seis compositores fundamentais da historia da música.

4. *Cuentos de música* (BÉCQUER, AZORÍN, BAROJA, CLARÍN y otros). Selección de contos de autores españois en cuxa vida estivo presente a música como afección e profesión. Inclúense algúns como O Miserere de G.A. Bécquer, As dúas caixas de Clarín e Música de Azorín.

C. COMÍC (Lectura completa)

1. *The Beatles*: a súa historia Vida de The Beatles, desde os seus inicios.

2. *Vinicius*: Relato gráfico que nos achega á vida do gran cantautor e guitarrista brasileiro Vinicius de Moraes. Inclúe un CD con cancións.

3. *El Anillo del Nibelungo* (catro volúmenes independientes) :

3a. *El oro del Rin*

3b. *La Valkiria*

3c. *Sigfrido*

3d. *El crepúsculo de los dioses*: Cómicos que narran o argumento de catro óperas fundamentais do compositor romántico R. Wagner.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

TECNOLOXÍA

2º ESO

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía desenvolverá actividades de lectura do libro de texto dixital e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a estas materias.

Ademais, fomentará a lectura, tanto na aula como no seu tempo libre, de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

3º ESO

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía propón as seguintes actividades:

- Desenvolverá nas materias da ESO actividades de lectura do libro de texto e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a esta materia.

- Fomentará a lectura, tanto na aula como no seu tempo libre, de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

- Fomentará a lectura, no seu tempo libre, de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía.

Algunhas obras recomendadas nos foros tecnolóxicos e outras internacionalmente coñecidas- son:

- *A Illa misteriosa* de Julio Verne

- *La invención de Hugo Cabret* (ed. SM): autómatas. (mestura de novela e cómic)

- *Historia de un forro polar rojo* (ed. Siruela) plásticos, transportes, consumismo,... Un libro perfecto para traballos/lecturas interdisciplinares. Pode e debe lerse nas áreas de Sociais, Química, Tecnoloxía...

- *El nombre del mundo es bosque*, Ursula K Le Guin Temática (Ecoloxía)

EPV

1º ESO

Propónselle ó alumnado a lectura de cómics que hai na biblioteca. Recolleráselle un resumo do contido dos mesmos, téndoo en conta no apartado de traballo diario.

3º ESO

Propónselle ó alumnado a lectura de libros da historia da arte que hai na biblioteca e na aula de plástica. Recolleráselle un resumo sobre a vida de algún autor que el/ela escolla, téndoo en conta no apartado de traballo diario.

IAEE

- Contribuiremos a este plan, moi activo dentro do centro, acudindo á biblioteca e realizando traballos individuais ou colectivos no seu espazo.
- Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación da Comunidade Autónoma de Galiza sinalan para as etapas do ensino obrigatorio, os centros educativos deberán incluír nos seus proxectos educativos proxectos lectores, que implicaran, entre outras cousas, a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Co fin de lograr estes obxectivos o Departamento recomenda as seguintes lecturas para a área de Ciencias Sociais:

- Segundo ciclo da ESO, lecturas recomendadas:
- Diario de Ana Frank (Ana Frank)
- O lapis do carpinteiro (Manuel Rivas)
- O neno do pixama de raias (John Boyne)
- Maus (Art Spiegelman)
- Persépole (Marjane Satrapi)
- Textos relacionados coa materia.
- Artigos xornalísticos relacionados co tema.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Lectura, interpretación e discusión diario dos materiais traballados co libro electrónico e cos libros de texto.

Traballo con textos de divulgación científica (revistas especializadas, prensa, enciclopedias, libros específicos, etc.). Propóranse actividades de comprensión e comentario dos devanditos textos.
Proposta da adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) cas ciencias ó equipo de biblioteca.

Proposta de lecturas recomendadas:

1º ESO:

- Mi familia y otros animales. Alianza editorial, 2008

Relatos recomendados:

- Na 2ª parte: Capítulo 9 (“El mundo en un muro”) e Capítulo 10 (“Un festival de luciérnagas”). Ler os dous títulos.
- Na 3ª parte: Capítulo 13 (“La villa blanca”), Capítulo 14 (“Las flores parlantes”) e Capítulo 15 (“Los bosques de ciclamen”). Ler os tres títulos.

NOTA: de querer escoller outros capítulos, consultar co profesor.

- Bichos e demás parientes. Gerald Durrel. Alianza editorial, 1997.

Relatos recomendados:

- Capítulo 2 (“La ensenada de los olivos”) e Capítulo 3 (“Las selvas de arrayán”). Ler ambos títulos.

NOTA: de querer escoller outros capítulos, consultar co profesor.

O home que plantaba árbores. Jean Giono. Editorial Galaxia, 2009.

- Ameaza na Antártida. Ramón Caride Ogando. Ed. Xerais de Galicia, 1997
- Ciencia alucinante: los más increíbles descubrimientos científicos. Simon Torok, Paul Holper. Ed. Oniro S.A.
- Viaje al centro de la Tierra. Julio Verne
- Veinte mil leguas de viaje submarino. Julio Verne.
- Peligro Vegetal. Ramón Caride. Ed. Anaya

3º ESO:

- Ojos de Pantera: para entender la genética humana. Silvia Aimerich. Ed. Octaedro, 1998.
- El ayudante de Darwin. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.
- El viaje de la evolución. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.
- Hello Dolly!. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.
- Ciencia alucinante. Isaac Asimov
- Yo, Robot. Isaac Asimov.

4º ESO:

- Ojos de Pantera: para entender la genética humana. Silvia Aymerich. Ed. Octaedro, 1998.
- El ayudante de Darwin. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.
- El viaje de la evolución. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.
- Hello Dolly!. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.
- La historia más bella del mundo. Ed. Anagrama, 2006.
- Os nenos da varíola
- La Tierra herida. Miguel Delibes, Miguel Delibes De Castro.
- La especie elegida. J.L. Arsuaga.
- El collar del Neanderthal. J.L. Arsuaga.
- La física en la vida cotidiana. Rojo, A.: colección Alandar. Editorial Edelvives.

El clan del oso cavernario. Auel, Jean Marie.

- Viaje alucinante. Isaac Asimov. Ed de bolsillo.
- La tierra herida. Miguel Delibes.
- El pulgar del Panda. Stephen Jay Gould.
- La magia de la realidad. Richard Dawkins.

Cabe citar tamén neste apartado o Proxecto Lingüístico, que busca fomentar o uso da lingua galega. Dado que a materia de Bioloxía e Xeoloxía se imparte en galego incidirase na correcta expresión oral e escrita nesta lingua, seguindo as directrices marcadas para o idioma neste proxecto.

RELIXIÓN

Dende a área de Relixión Católica fomentarase o interese do alumnado pola lectura. Animarase ao alumnado de todos os niveis a que profundicen nos temas que profesora, e tamén por medio da lectura da Biblia, xornais, revistas, monográficos,

Dende o primeiro día de clase e en cada tema, a profesora vailles a suxerir a posibilidade de que busquen na casa pola súa conta información e noticias (en revistas e xornais) sobre o tema tratado. Así, poden levalo a clase e compartilo cos

demais compañeiros/as. Esta é unha forma de animalos a ler na casa, de buscar información concreta (sobre os temas que estamos a traballar), de que as clases non se reduzan ao libro de texto, de motivalos, e sobre todo de que sexan eles mesmos

os verdadeiros protagonistas. Terase en conta as achegas de cara a nota na avaliación. Cada vez que un alumno/a leve á clase unha noticia terá que lela en voz alta, logo comentarase e abrirase un pequeno debate no que se intercambiarán as

distintas opinións xurdidas. Por experiencia en cursos anteriores, son case sempre os mesmos alumnos/as os que traen as novas de xornais ou revistas. Isto é debido a que nesta idade non están acostumados a ler prensa diariamente, e se o fan, son moi selectivos, por exemplo os rapaces só len a sección de deportes.

En primeiro curso de ESO, cando se trate o tema dos Dereitos Humanos buscarán, (en horario de clase), en **xornais** que a profesora lles proporcionará, novas que mostran como moitas veces non se cumpren tales dereitos. Logo por grupos, elaborarán murais con recortes no que sinalarán contra que dereito atentan as novas

seleccionadas. Para animar a que lean xornais e revistas na casa e que busquen mais novas, subiráselles a nota da avaliación.

A utilización da **Sagrada Escritura** para buscar e ler pasaxes vai a ser considerable.

Pero hai que sinalar que para interpretar un texto bíblico é necesario seguir os seguintes pasos:

- Buscar o texto na Biblia
- Descubrir que buscaba o autor cando escribiu o texto e a quen ía dirixido
- Ler atentamente o texto tendo en conta a intención do autor. Captar a mensaxe e aqueles aspectos que son chocantes na actualidade
- Descubrir o que quere transmitir o texto, a súa mensaxe
- Sacar unha conclusión práctica para a vida de cada un e a dos demais

No departamento contamos con material para traballar coa Biblia de maneira amena.

Trátase de actividades lúdicas nas que aprenden a manexar a Biblia o tempo que potencia a lectura da mesma. Por exemplo, a profesora formula preguntas e sinala a cita bíblica onde aparece a resposta. Eles buscan a cita na Biblia ou na súa edición

dixital e responden. Esta actividade realízase en grupo, e o equipo que mais acertos ten é o ganador. Gústalles moito esta actividade pola competición que hai entre os grupos por ver quen é o grupo que máis acertos ten.

Tamén se utilizará **Internet** na aula de informática para buscar información concreta.

Outras veces, a profesora proporcionaralle ao alumnado páxinas web para consultar e contestar por escrito preguntas que lles foron formuladas e que tiñan que ver co que se estaba a estudar nese intre.

En todos os cursos empregárase o libro de texto para introducir os temas. Serán os mesmos alumnos/as de forma voluntaria os que leerán en voz alta, e sobre a lectura, contestarán por escrito ou oralmente ás cuestións. A finalidade é levar a cabo unha lectura comprensiva.

En cada unidade mostraráselles unha serie de libros que tratan o tema co que se está a traballar nese intre por si queren profundizar no mesmo. A continuación vai unha selección de libros de lectura optativa:

- J.L. ARSUAGA E I. MARTÍNEZ, *La especie elegida*, Temas de Hoy, 2000
- J.L.ARSUAGA. *El collar del Neardental*, Temas de Hoy, 2000

- RICHARD H. WILKINSON, *Todos los dioses del Antiguo Egipto*. Oberon, Madrid, 2003
- R.M.OGILVIE, *Los romanos y sus dioses*. Alianza, Madrid, 1995
- E.GALLUD, *Los viajes de Nandi y otros cuentos de la India*, Oberon, Madrid, 2004
- ESCHMITT,E.E. *Oscar y Mamie Rose*
- MARK TWAIN. *El diario de Adán y Eva*
- V.HUGO, *Los miserables*
- WILLIAM GOLDMAN, *La princesa prometida*
- KESHAVJEE, S, *El rey, el sabio y el bufón*, Ediciones Destino, 2004
- MORO, J, *Las montañas de Buda*, Planeta /Seix Barral, 2010
- BEN JELLOUNT, T, *El Islam explicado a nuestros hijos*, RBA, 2002
- GORDON, NOAH, *El rabino*, Ediciones B, Barcelona, 1993
- GORDON, NOAH, *El último judío*
- ALEJEM, Scholem, *Tevie, el lechero*, Riopiedras, Zaragoza, 2004
- CORTÉS, JL, *Un señor como Dios manda*, PPC, Madrid, 2002
- CORTÉS, JL, *El señor de los amigos*
- CORTÉS,JL, *Agustín, el del corazón inquieto*, PPC, Madrid, 2003
- SIENKIEWICZ, Henryk, *Quo vadis?*, Planeta, Barcelona, 2010
- LE CARRE, john, *El jardinero fiel*, Ediciones El País, Madrid, 2008
- LINS, Paulo, *Ciudad de Dios*, Tusquets, Barcelona, 2003
- ECO, U, *El nombre de la rosa*, Plaza y Janés Editores, 2001
- FALCONES DE SIERRA, I, *La catedral del mar*. Ed.Grijalba, 2007
- MERLO, C, *Tres gigantes del Renacimiento: Leonardo, Miguel Ángel y Rafael*, Ed. Editex, 1999
- CORTÉS, JL, *Teresa, la de Jesús*, Ed, PPC, 2004
- DELIBES, M, *El hereje*, Ed, Destino, 2002
- FERNÁNDEZ, J, *Jesús cuenta su vida*, Instituto Teológico Compostelano, 2008

2.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.

2.1- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

EDUCACIÓN INFANTIL

Ademais de contarmos cun ordenador na aula, dispoñemos dunha pizarra dixital, incorporada ao traballo diario do alumnado.

O alumnado de Infantil participará tamén en distintas actividades audiovisuais para iniciarse na recreación de contos e noutras posibilidades das novas linguaxes.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º- 2º PRIMARIA

Para incorporar as TICs nos cursos de 1º e 2º de primaria, propóñense unha serie de recursos integrados cos contidos e actividades das distintas materias de primeiro e segundo curso, que complementan e amplían. Poderemos ter:

- **Actividades TIC** que se desenvolvan na aula ou ben o alumnado na súa casa mediante unha conexión a Internet cun dispositivo móbil, tales como os xogos de Kahoot ou Quizizz. As actividades propostas estarán integradas nas secuencias de aprendizaxe e terán sempre relación cos contidos a traballar nese momento.

-Aproveitamento de **recursos educativos de Internet**: búsqueda de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecementos.

- Para o desenvolvemento de actividades TIC na aula **dispoñemos dun ordenador na clase cun proxector.**

Utilización da aula virtual para compartir contidos aos que o alumnado poda acceder dende os seus fogares.

Unha hora á semana acudiremos á **aula de informática** do centro para que cada alumno/a traballe no seu propio ordenador. Ao ser unha sala de uso común, utilizaráanse produtos para hixienizar os equipos utilizados que garantan unha correcta desinfección para o seu uso posterior por outro grupo.

3º PRIMARIA

Utilización da pizarra dixital na aula para actividades coas áreas. Visita á aula de Informática para familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías e realizar actividades para ampliar os seus coñecementos.

4º PRIMARIA

Utilización da pizarra dixital na aula para actividades coas áreas, atendendo ás medidas establecidas no protocolo Covid do centro e da Consellería. Visita á aula de Informática para familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías e realizar actividades para ampliar os seus coñecementos.

Tamén se empregará a aula de informática en determinadas sesións para realizar actividades de xeito dixital, ben a través da Aula Virtual, ben buscas na internet, tarefas no procesador de texto... Sempre seguindo as normas establecidas no Protocolo Covid do centro.

Ademais, farase uso da Aula Virtual do centro, plantexando nela diferentes actividades, segundo o devir da actividade lectiva nolo permita e requira. Durante as primeiras semanas de curso, explicaráselle ao alumnado o seu uso, co fin de que coñeza o seu funcionamento e poida desenvolverse de xeito autónomo nela.

5º PRIMARIA

Ordenadores e materiais dixitais permitirán traballar de forma máis rápida, visual e interactiva, e almacenar e manexar moita información. Tamén nos permitirán comunicarnos a través deles. O uso das TIC facilita o traballo en grupo, a investigación conxunta, o reparto de responsabilidades e a reunificación coherente da información obtida.

Posto que no Centro estase a desenvolver o plan Abalar e que a aula está dotada de ordenadores, cañón e pantalla, así como conexión a internet , ao repositorio Abalar e ao material dixital das distintas editoriais, moitos traballos e actividades realizaranse utilizando estas ferramentas (presentacións, actividades interactivas, búsqueda de información...).

6º PRIMARIA

Nos cursos de 5º e 6º estase a desenvolver o Proxecto Abalar desde fai moitos anos. Cada alumno dispón dun ordenador que lle permite acceder á información da rede, ás actividades do repositorio Abalar e ao material dixital das distintas editoriais..

A aula dispón, ademais, dun encerado dixital e dun ordenador para o profesor.

Na área de Sociais e Naturais, e tamén nas outras áreas, aínda que en menor medida, traballamos os contidos do currículo obtendo información directamente da rede ou dos recursos Abalar, aos que accedemos de forma preferente. Así mesmo o alumnado aproveitará esta dotación para elaborar traballos, organizar información, usar o procesador de textos para a creación de distintos tipos de textos. Igualmente adicarase unha parte do horario lectivo de cada materia a traballar os contidos aproveitando as actividades propostas por diferentes editoriais e polo espazo Abalar.

A situación creada polo estado de alarma e o confinamento obrigou ao alumnado a traballar a través de entornos virtuais, o que levou a unha aprendizaxe acelerada para poder aproveitar as clases do terceiro trimestre. Dado que o alumnado coñece o funcionamento da aula virtual, aproveitarase para seguir traballando e reforzando contidos a través dela. Así todas as semanas o alumnado poderá acceder ao plan de traballo semanal na aula ordinaria e na aula virtual. Todas as semanas o alumnado deberá facer algunha tarefa e colgala na aula virtual. No caso de non poder asistir á clase o alumnado terá en todo momento o traballo na aula virtual. Ademais todo o alumnado conta con acceso aos libros dixitais da editorial o que facilita que poida traballar desde a casa, se a situación sanitaria o esixe.

EDUCACIÓN FÍSICA

En cursos superiores realizaranse buscas de información de xogos populares, de persoas destacadas no mundo do deporte, información sobre enfermidades nutricionais etc

Tamén empregaremos as TICs para realizar exercicios propostos en redes e de moda tendo como apoio vídeos.

Ensinareslles actividades por medio do visionado de vídeos de outro alumnos/as.

Explicación de determinadas disciplinas e deportes mediante a explicación de vídeos diapositivas na pizarra dixital.

Probas teóricas mediante o uso de aplicación como Kahoot.

Ensinareslles un bo uso de internet e as consecuencias do mal uso do mesmo como o perigo das redes sociais.

INGLÉS

Desde a área de inglés, tentamos de facilitar e fomentar o manexo das novas tecnoloxías no centro escolar.

Os nenos e nenas poden gozar de material multimedia en inglés, no que traballan distintas destrezas a través de actividades lúdicas tales como, cancións, contos, breves películas e xogos, axeitados ao seu nivel de desenvolvemento.

Ademais debido ao establecemento do modo alternativo á actividade lectiva presencial en caso de abrochos, as TICs serán a principal canle de desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe: Tok App, Videoconferencias, Libros Dixitais, Email, Aulas Virtuais,...

RELIXIÓN

Para incorporar as TIC na aula propúxose unha serie de recursos integrados cos contidos e as actividades de Relixión Católica para os diferentes cursos, aos cales complementan e amplían.

- Actividades TIC: Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.

- Enlaces en Internet: Aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades, e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.

MÚSICA

Dende Música contribuírase á adquisición dos obxectivos propostos polo Plan TIC con actividades de interese musical a través do emprego do ordenador persoal (ABALAR) en 5º e 6º de Primaria e na aula de informática nos restantes cursos, xa sexa en páxinas adicadas á aprendizaxe da música (www.musicaeduca.com), audicións e videos sobre os instrumentos, agrupacións musicais ou compositores e compositoras (youtube).

2.2.- INTEGRACIÓN DAS TIC – ESO

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Dacordo co establecido no anexo VI do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar entre o seu alumnado o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación coa finalidade de que estas se incorporen como un recurso máis ós procesos de ensino-aprendizaxe. Desta maneira, contribuírase para que ó rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

En xeral, a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ó traballo da aula utilizarase para que o alumnado desenvolva habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, é dicir, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

O profesorado do Departamento de Física e Química proporcionará información sobre páxinas web que sexan de interese para a materia, de modo que os alumnos poidan realizar consultas autónomas sobre dúbidas, buscar información para o desenvolvemento de certos traballos, etc. Así mesmo, fomentarase que os alumnos nas memorias das practicas de laboratorio usen procesador de texto.

Máis en concreto, algúns dos obxectivos xerais son:

- ✓ Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- ✓ Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

- ✓ Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- ✓ Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- ✓ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotiá e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- ✓ Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- ✓ Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- ✓ Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con tódolos axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

Tendo en conta estes principios, dende o Departamento, propóñense as seguintes iniciativas:

- ✓ Uso da páxina Web do centro como plataforma de comunicación e de consulta de información por parte do profesorado e o alumnado. Para facilitar a tarefa do alumnado á hora de buscar información en internet sobre un tema, é conveniente ofrecerlles enlaces adecuados que lles permitan concretar e non perderse na gran extensión da rede.
- ✓ Integración nas actividades de aula das TIC. Por exemplo, na exposición maxistral usando presentacións informáticas (sempre e cando o material informático dispoñible no centro o permita) e software de simulación. Será moi útil para a realización de prácticas virtuais.
- ✓ Utilización de recursos audiovisuais e de medios en soporte informático
- ✓ Estudo e análise de situacións reais que se coñecen a través dos medios de comunicación. Fundamentalmente introducindo artigos de prensa escrita ou acudindo a direccións na Web. Procurarase tamén neste contexto a introdución de temas transversais relacionados con educación para a saúde, coñecemento e conservación do medio físico, o tráfico, etc.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Este curso como novidade, en 1º e 2º de ESO traballárase co libro dixital e ca plataforma EDIXGAL da Consellería de Educación. Esta decisión tomouse debido á situación actual de Pandemia. Se fose o caso e

os alumnos tivesen que estar confinados ou en cuarentena, poderían utilizar esta plataforma para seguir o ritmo da clase.

Tamén teñen dispoñible a AULA VIRTUAL do centro, onde o profesor da materia vai colgando progresivamente os materiais para que os alumnos poidan consultalos.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Contribuiremos a desenvolver este plan fomentando o uso de ordenadores, de internet, e máis contretamente, coa creación dun blog de educación física, no que incluiremos traballos feitos ó longo do curso, como por exemplo, unha recompilación de xogos tradicionais da nosa comunidade. Ademais na exposición de noticias deportivas da prensa, aconsellaráselles a lectura en formato dixital.

XADREZ

Desenvolvemento co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez.

Contribuiremos a desenvolver este plan fomentando o uso de ordenadores, de internet, para xogar ao Xadrez contra o ordenador adaptando o nivel da partida a cada alumm@

Aconsellaráselles tamén a búsqueda de artigos relacionados co Xadrez e a súa lectura en formato dixital.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

OBXECTIVO XERAL

A incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe como un recurso máis ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer co fin de acadar unha competencia dixital.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA OS NOSOS ALUMNOS

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O noso principal obxectivo é potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo tanto no proceso de ensino-aprendizaxe dentro da aula como no proceso de autoaprendizaxe fóra dela. Por todo isto os nosos principios metodolóxicos baséanse en:

- Empregar todos os recursos que para este fin ten o noso centro.
- Incluir paulatinamente o uso das TIC nas actividades de aula.
- Fomentar o uso de Internet como ferramenta de consulta e de gran utilidade na busca de información.
- Concienciar ao alumnado da importancia dunha axeitada e crítica utilización de
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de gozo e información, ao mesmo tempo

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Tal e como recolle no Decreto 86/2015, os centros educativos teñen un **Proxecto de Promoción da Tecnoloxías da Información e da Comunicación**. Non é algo optativo, senón que tódolos centros deben ter un **Plan TIC**, forma parte do **Proxecto Educativo** de cada centro.

No noso caso as TIC forman unha parte moi importante da metodoloxía empregada na aula, en 1º e 2º da ESO traballamos con EDIXGAL.

- Uso do PC portátil e o proxector para a representación de funcións empregando algún programa sinxelo de representación de funcións e comprobar deste xeito se a gráfica da función se corresponde coa forma que os alumnos esperaban.
- Emprego do ordenador portátil e o proxector na aula para, coa axuda de programas sinxelos de software libre de xeometría dinámica (como Geogebra) presentar aos alumnos conceptos da xeometría e análise para facilitar a súa visión e comprensión.
- Uso da Aula de informática do centro para a elaboración de traballos estatísticos cunha folla de cálculo, dende a recollida de datos á realización de táboas estatísticas con todos os parámetros estatísticos necesarios, representación dos datos co gráfico axeitado e representación da recta de regresión asociada. Extraer as conclusións oportunas e elaborar unha presentación en PowerPoint para expoñer o traballo aos seus compañeiros.
- Recorrer á Internet como fonte de busca de información para a elaboración de traballos que teñan como finalidade o coñecemento do alumno acerca da historia e evolución das Matemáticas así como coñecer aspectos da vida de homes e mulleres importantes pola súa achega ao campo das matemáticas e á ciencia en xeral.

- Habberá uns criterios de avaliación relacionados co manexo do ordenador necesarios para que o ordenador sexa unha ferramenta e un asistente para ás matemáticas..
- Empregar programas de propósito xeral (procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, paquetes gráficos o programas de comunicacións) como ferramentas de apoio da área curricular.
- Realizar, capturar ou modificar debuxos cos adecuados instrumentos informáticos, facer traslacións, simetrías, xiros...

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Neste ámbito o alumnado utilizará as novas tecnoloxías de acordo cos recursos do CPI. Deste xeito procurárase utilizar a aula de informática, ou ordenadores das aulas para o acceso a páxinas web relacionadas cos contidos das materias, a proxección de recursos audiovisuais e a exposición de presentacións dixitais na aula. Igualmente o alumnado recibirá recomendacións de páxinas de internet para afondar en distintos coñecementos. Por outra banda, unha parte da nota dos traballos que se desenvolvan ao longo do curso terán en conta a confección dos mesmos usando certos programas de utilidade para esta materia (Excel, google Earth/Maps, google Drive, Writer, etc).

Tódolos cursos usarán a Aula Virtual. O edixgal será usado en 1º e 2º de ESO en canto estea activo.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

✓ No contexto actual de innovación e de desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación, é impensable que o alumnado non se forme para ser competente no seu dominio. E este debe abordarse dende calquera materia. Por iso, e porque a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente a esta materia, dende o Departamento de Francés empregáranse múltiples materiais dixitais (sobre todo no primeiro curso, onde o feito de dispor de ordenadores individuais para cada alumno e materiais en rede axudarán dun xeito moi importante); tamén serán propostas actividades para fomentar o seu uso e axudar aos alumnos e alumnas a acadar a competencia en tratamento da información e a dixital.

✓ Esas actividades levaranse a cabo tanto na aula de referencia coma na aula de informática, e consistirán na escoita de fragmentos de conversas ou de cancións, na busca de información pertinente, na consulta de dicionarios ou de contidos de civilización, na realización de exercicios de vocabulario e de gramática..., e outras que vaian xurdindo segundo as características e as necesidades que presente o alumnado.

- ✓ Os grupos de 1º e 2º de ESO disporán neste curso de equipamento ABALAR, polo que a integración das TICS será nestes casos máis doada e continua. Ademais, neste curso o centro forma parte da experiencia EDIXGAL, a desenvolver no 1º e no 2º curso de ESO, polo que se empregarán contidos propostos dende as diferentes fontes dispoñibles.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

As TIC constitúen un elemento básico na aprendizaxe, como soporte de contidos e ferramentas para a elaboración de tarefas, e a súa aplicación na aula de lingua e literatura esténdese a todos os ámbitos da materia.

Levaremos a cabo actividades de busca de información, de elaboración de textos e traballo con textos dados, de interpretación segundo diversos códigos expresivos e teatro lido ou interpretado. Na súa utilización, promoverase a alfabetización mediática, informacional e dixital, co fin de que o alumnado atinxa a capacidade de discriminar, avaliar e utilizar adecuadamente a información.

Promoverase o uso da aula virtual, que se converterá nunha ferramenta máis no desenvolvemento do curso e un recurso para, se for necesario, substituír total ou parcialmente o ensino presencial.

Todas as unidades didácticas propoñen actividades relacionadas coas TIC.

O alumnado de 1º e 2º de ESO dispón de ordenadores para o seu uso individual, xa que o centro está adscrito ao programa E-Dixgal. As aulas para os grupos de 3º de ESO impártense nunha das salas de informática, aínda que a obrigatoria separación de 1,5 m. entre o alumnado, imposto polas medidas de prevención ante a COVID, dificulta que se poidan utilizar os ordenadores por todo o alumnado ao mesmo tempo.

As aulas están dotadas dun encerado dixital e dun proxector.

En calquera caso, temos presente que non sempre é posible a utilización dos medios dixitais, xa que dependemos da eficacia das conexións á Internet, non sempre posibles, tanto no centro como nos fogares do alumnado.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Desde o departamento de música preténdese a través das tic a procura dos seguintes obxectivos:

- Integrar as TIC na aula como unha importante ferramenta educativa.
- Utilizar a aula virtual do centro cun manexo inicial-medio e outras plataformas que semellan aulas virtuais (google classroom).

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade na aula a través da súa utilización e de aproveitar a información que delas poida sacar e para a mellora do proceso ensinanza-aprendizaxe da materia de música.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades do aula: actividades, controis, fichas, circulares, traballos de presentación en power point...
- Saber consultar información a través do ordenador a través das Eduwikis, Webquests, Edublogs tanto para o profesor como para o alumno/a.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en foros de debates, chats, a través de internet...
- Fomentar o uso do ordenador como un recurso que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e habilidades.
- Impulsar o traballo en equipo desenvolvendo actitudes de colaboración, interacción, responsabilidade..

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

TECNOLOXÍA

2º ESO

Considero que o plan de integración das tecnoloxías está amplamente incluído nos contidos de 2º da ESO: ofimática (Writer, Calc), programas específicos (crocodile, Scratch), e que contribúe significativamente ó desenvolvemento e adquisición da competencia dixital. Neste senso indicar que aparte dos contidos específicos de informática e da comunicación, o uso de Internet para facer buscas de información e a visualización de vídeos.

3º ESO

Considero que o plan de integración das tecnoloxías está amplamente integrado nos contidos de 3º da ESO: ofimática (Writer, Calc), programas específicos (Crocodile, ...), realización de blogs, wiki, etc, e que contribúe significativamente ó desenvolvemento e adquisición da competencia dixital. Neste senso indicar que aparte dos contidos específicos de informática e da comunicación, o uso de Internet para facer buscas de información e a visualización de vídeos, no apartado de seguridade no traballo e materiais tamén contribúen ó habito e dominio dos estudantes destas técnicas.

EPV

1º ESO

Buscas na Internet. Traballo con programas na aula de informática e a través da aula virtual do centro.

3º ESO

A materia de plástica trata en si mesma de conseguir comunicar mediante imaxes volumes e superficies polo que o uso das novas tecnoloxías é moi interesante.

Este ano faremos buscas na Internet. Traballaremos con Paint, Gif Animator e Gimp na aula de informática ou a través da Aula Virtual do centro, cando sexa posible.

IAEE

Tentaremos realizar case a metade das sesións mediante técnicas e tecnoloxías que temos a man na clase, nas aulas de informática e na casa, polo que o ordenador e a Aula Virtual do centro serán fundamentais.

Neste apartado, o alumnado traballará neste campo:

Utilizando a aula de informática, para entrar en diferentes páxinas web, sempre relacionadas coa materia ou a través da Aula Virtual do centro.

Proxección de documentais e filmes relacionados coa materia.

Exposición de presentacións dixitais na aula.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Busca de información en internet e outros medios.

Emprego de ferramentas de audio e vídeo e edición.

Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposición dos mesmos na aula.

Actualizar a páxina web do departamento de Ciencias Naturais, dentro da páxina web do centro educativo.

Elaborar apuntamentos de varios temas empregando presentacións con diapositivas en Power Point.

Empregar de xeito regular o ordenador e o canón, tanto para navegar por Internet como para explicar os contidos de diversas unidades, de xeito especial en 1º ESO xa que se utilizará o libro dixital en E-Dixgal.

Visualización de DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida.

Facer procuras de información en Internet na aula de informática, orientadas e supervisadas polo profesor.

Fomentarase o uso de programas de software libre e enciclopedias abertas e colaborativas (wikis).

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Os materiais didácticos multimedia foron adquirindo unha grande importancia na educación actual. A elaboración destes materiais didácticos foi evolucionando ao longo dos últimos anos e hoxe case ninguén dubida da súa capacidade para incidir na aprendizaxe dende as idades máis novas.

É unha realidade incuestionable que a incorporación das TICS na sociedade e en especial no ámbito da educación, aporta unha grande fonte de recursos e materiais didácticos que inflúen de maneira significativa no ensino e aprendizaxe.

Un sistema de aprendizaxe baseado nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación aporta un valor engadido o actual sistema educativo e abre as portas a novos paradigmas educativos e de información.

A utilización das TICS na aula proporciónalle ó estudante unha ferramenta que se axeita a súa actual cultura tecnolóxica, e dálle a posibilidade de responsabilizarse mais da súa educación e que o fai protagonista da súa propia aprendizaxe, do permanente aprender a aprender.

Neste contexto é imprescindible incorporar as TICS na aula desenrolando recursos pedagóxicos dinámicos que utilizan unha metodoloxía activa e innovadora co obxectivo de aumentar a motivación do alumnado cara a materia. Da mesma maneira,

pode mellorar a comunicación entre profesor e alumnado e aumenta a súa motivación e satisfacción na aprendizaxe de novos conceptos. A posibilidade de manipular, de interactuar favorece a aprendizaxe significativa. Os recursos visuais e auditivos

variados e o plantexamento de actividades coma situacións reais facilitan a comprensión de aspectos que as veces resultan difíciles de integrar no traballo normal da aula.

A variedade da tipoloxía de actividades posibles co uso das TICS evita a monotonía e favorece o interese do alumnado con diferentes capacidades, respectando o seu propio ritmo de aprendizaxe e facilitándolle o profesorado un resultado positivo en canto o tratamento da diversidade na aula.

A interactividade das aplicacións multimedia favorece un ensino e aprendizaxe mais dinámico e didáctico. A actitude do usuario fronte a interactividade estimula a reflexión, o cálculo de consecuencias e provoca unha maior actividade cognitiva.

Os recursos multimedia presentes en Internet complementan a oferta de contidos tradicionais coa utilización de animacións, vídeos, audio, gráficos, textos e exercicios interactivos que reforzan a comprensión dos contidos do libro de texto e enriquecen a súa presentación.

ANEXO IV

D.79/2010 DE PLURILINGÜISMO

O Proxecto Lingüístico de Centro aprobado no 2015, foi revisado e renovado, sendo aprobado en Claustro o 5 de novembro de 2019 e en Consello Escolar o 5 de novembro de 2019.

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO (2020/2021)

Confórmase, segundo o artigo 15 do D.79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o presente curso cos seguintes membros:

- M^a Rosario López Barreiro (Coordinadora) (EI) Substituta Adriana Iglesias Bragaña
- Alberto Bolaño Vázquez (EP)
- Dolores Díaz Rifón (ESO)
- Alba Couselo Bascoy (alumna de 3º ESO)
- Selma Blanco Pedreira (alumna de 3º ESO)
- Iria Fariña Pedreira (alumna de 4º ESO)
- Isabel Fernández González (PAS)

1. Tal como recomenda o Decreto 79/2010, feita a pregunta ás familias do alumnado para determinar a lingua materna predominante, o resultado foi 99 % galego.

Con respecto ás actividades e estratexias de aprendizaxe para o coñecemento oral e escrito das linguas oficiais, serán as establecidas nos currículos das correspondentes áreas de cada ciclo e nivel.

2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso.

Entre as **actividades levadas a cabo no curso anterior destacamos:**

- **“Na Escola”**, revista escolar realizada en formato dixital e colgouse na páxina web do centro.
- Participación en concursos e certames organizados por diversas entidades.
- **Letras Galegas:** o autor homenaxeado no 2020 foi Ricardo Carballo Calero e leváronse a cabo propostas como unha actividade dirixida a toda a comunidade educativa que consistiu en que se plasmara nun debuxo con ou sen texto algún elemento relacionado co autor e/ou coas Letras Galegas. As fotos recibidas destes traballos integráronse na revista.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega fixo un xogo dixital que se puxo a disposición do alumnado.

Por último, fíxose chegar ao profesorado diverso material para que traballaran co alumnado.

- **XIII Semana do Teatro**

Como viña sendo habitual nos últimos anos, celebramos a nosa Semana do Teatro cun especial interese por parte de toda a comunidade educativa.

Enviábase ás familias unha invitación co programa das representacións. Nel tería que constar o título da obra, o día, hora da representación e o curso que a pon en escea. Nos programas de man incluíase unha breve semblanza do autor homenaxeado ese ano o día das Letras Galegas. Pero debido á situación acontecida non puido levarse a cabo.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2020/21

1.- Actividades de continuidade

- “**Na Escola**”, revista escolar aberta á participación de toda a comunidade educativa, para repartir entre as familias a fin de curso.
- **Participación en concursos e certames**, sempre que os consideremos axeitados para o noso alumnado.
- **Letras Galegas**
- **XIV Semana de Teatro**
- **Día de Rosalía**, no que se pretenden levar a cabo diferentes actividades, para seguir fomentando o coñecemento da nosa autora máis universal.

2.- Outras propostas

- Proxecto en colaboración co equipo de biblioteca sobre a toponimia e a microtoponimia da zona.
- Actividades para conmemorar as Letras Galegas en colaboración co concello e o equipo de biblioteca do centro (actuacións musicais, títeres, contacontos, ...) se a situación sociosanitaria o permite.
- Demostracións de traballos artesanais en colaboración coa concellaría de cultura do noso concello.
- Certame de recitado poético no *Día de Rosalía*, aberto a todo o alumnado do centro.

- Exposición de “*Rosalía sempre viva*” cedida pola fundación Manuel María.
- Traballos de coñecemento da contorna: xeografía e historia da zona, lugares de interese, mapas das parroquias, toponimia, etnografía...
- Recollida de tradición oral da zona.
- Posibilidade de facer algún roteiro ou saída guiada polo concello e arredores Concretaremos as posibles saídas para os distintos niveis educativos, se fose posible levalas a cabo.
- Montar unha pequena exposición de mulleres galegas sobresañtes en distintos ámbitos arredor do *Día da muller traballadora*.
- Ampliación dos fondos bibliográficos do centro no que se refire á nosa lingua (material audiovisual, revistas, cómics)
- Potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías (móviles, tablets, ...).

Mencionar que algunhas destas propostas de actividades poderanse levar a cabo ou non dependendo da evolución sanitaria e se se chegan a realizar teriamos presentes as medidas de seguridade marcadas no protocolo.

Deixamos aberta a posibilidade de participar noutras actividades según as convocatorias que vaian saíndo, en función dos intereses do noso alumnado.

ANEXO V

PROGRAMAS EDUCATIVOS: PLAN PROXECTA E CONTRATOS PROGRAMA

A participación nos distintos programas educativos foi aprobada no claustro e consello escolar de inicio de curso, con data 22 de setembro de 2020, sendo a aprobación en ámbolos dous por unanimidade.



PLAN PROXECTA

Este curso o centro ten solicitado un Plan Proxecta: [Proxecto de innovación en dinamización lingüística co título de XORNALIST@S.GAL](#)

Participarán no proxecto, o alumnado e titores de 1º,2º,4º,6º

O proxecto de innovación educativa que presentamos nace da necesidade de contribuír ao establecido na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo na Educación Primaria en Galicia, en canto á necesidade de que o alumnado reciba unha educación que o prepare para formar parte activa da sociedade á que pertence parte e de presentar situacións educativas diversas, motivadoras, integradoras, inclusivas e baseadas nos intereses do alumnado, co fin de conseguir aprendizaxes significativas e que poidan ser aplicadas na vida cotiá.

Embarcámonos neste proxecto asumíndoo como un reto, xa que o alumnado nunca participou en programas destas características e o profesorado implicado tampouco ten demasiada experiencia neles, mais o que si temos todos e todas é vontade, forza e ganas de aprender e de demostrar o que podemos aprender desenvolvendo este proxecto.

Así este proxecto traballará, partindo do obxectivo principal que é dignificar, dinamizar, conseguir unha competencia comunicativa real en todo o alumnado e dar visibilidade á lingua galega, os elementos transversais establecidos na lexislación de referencia para a etapa, as competencias clave o traballo multidisciplinario, sempre que sexa posíbel a través de medios tecnolóxicos.

Ao tempo, pretendemos aportar as nosas experiencias para que sirvan de inspiración para outros docentes e centros a participar neste tipo de actividades e programas, nos que a aprendizaxe se desmarca dos manuais de texto e das metodoloxías máis tradicionais, converténdose noutras máis novidasas, motivadoras e integradas na vida do alumnado.

Antes de seguir, contextualizamos o centro no que se vai desenvolver o proxecto. É un centro público integrado, cunha liña por nivel, na provincia da Coruña, pertencente á comarca de Ordes, de carácter rural. O alumnado do centro é na súa maioría galegofalante, mais obsérvase unha tendencia nos últimos anos da chegada de alumnado doutros países e tamén de centros urbanos.

Vense observando que o alumnado galegofalante aínda ten incorporados certos prexuízos de cara ao uso do galego en determinadas situacións. Porén, vimos a necesidade de traballar estes aspectos animándonos a participar no citado programa, co fin de que o alumnado perda eses prexuízos e, por outro lado, que o alumnado castelanfalante adquira plena competencia comunicativa na lingua galega.

Para realizar o proxecto e acadar os obxectivos plantexados, decidimos que nos imos converter en xornalistas! Así, ademais do xa explicado, poderemos situar o alumnado diante de diferentes situacións de aprendizaxe, nas que, a partires de aspectos relacionados coa súa contorna máis próxima, chegarán a analizarlas, valoralas e adquirirán aprendizaxes vivenciais.

Así un dos piares do proxecto será o traballo dos medios de comunicación. Precisaremos coñecer como funcionan os medios de comunicación para poder simular o noso propio medio comunicativo. De todos os xeitos, non pretendemos "copiar" a ningún medio dos existentes, senón, crear o noso propio, centrado nos nosos intereses, inqedanzas e, sobre todo, na nosa contorna.

Outro dos piares, será a inclusión do resto da comunidade educativa, a inclusión das familias (serán unha parte importante, sobre todo, porque pretendemos convertelas en fontes de información "vivas", así como no apoio ao noso labor no centro educativo) e a inclusión do Concello e determinadas empresas da contorna.

Pretendemos facer, a través das actividades propostas, unha comparativa interxeracional da vida do alumnado coa dos seus ancestros (en diferentes graos de parentesco e épocas) baseando as nosas actividades en determinadas datas, unha análise obxectiva da contorna do centro e conseguir que o alumnado se involucre na vida social do concello, dentro das súas posibilidades.

Obxectivos

- Ao comezo desta aventura, pensamos nos obxectivos para o proxecto. Buscamos que foran realistas, absequibles para o alumnado e para o profesorado participante, que se poidan adaptar ás circunstancias e que estean integrados no día a día do alumnado. Como se citou no apartado anterior, converteremos ao alumnado en xornalistas, con mirada crítica e obxectivos. Así, resumímolos en:

- Garantir o uso do galego en diferentes contextos, tanto formais como informais.
- Consegur que o alumnado acade unha competencia comunicativa plena en lingua galega, tanto oral como escrita, e nun rexistro formal, atendendo á norma lingüística.
- Dar visibilidade á lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Propiciar a aprendizaxe e gozo con actividades relacionadas cos medios de comunicación, empregando como lingua vehicular o galego.
- Difundir entre toda a comunidade educativa o valor da lingua galega como lingua de transmisión de información.
- Analizar vivencias e formas de vida doutras épocas, a través das diferentes xeracións de familiares dos e das alumnas e facer unha comparativa coa vida e a sociedade actuais do alumnado.
- Traballar contidos curriculares de diferentes áreas, os elementos transversais e as competencias clave, a través do proxecto, de forma lúdica, motivadora, innovadora e contextualizada.

Programa ARCO (Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación)

Solicitamos a participación no programa ARCO para alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria, liña 1

Obxectivos :

- a) Apoiar o alumnado para a mellora do rendemento académico. b) Mellorar o éxito escolar, reducir e previr o abandono educativo temperán do alumnado que cursa as ensinanzas obrigatorias. C
- b)) Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e/ou por proxectos.
- c) d) Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e acadar os obxectivos do seu nivel educativo.
- d) e) Xerar contornas de aprendizaxe que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías cooperativas, individualizadas, activas, flexibles e participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
- e) f) Desenvolver modelos curriculares máis competenciais, interdisciplinares e participativos.

- f) g) Impulsar a aplicación de cambios organizativos e metodolóxicos que permitan o seguimento personalizado das súas competencias.

CONTRATOS PROGRAMA



Como en cursos anteriores solicitamos a participación en diferentes modalidades dos Contratos-Programa:

1. Mellora das competencias clave. Competencia lingüística

Dirixido ao alumnado de 4º e 6º de primaria para o reforzo nas linguas, e en 1º de ESO para afondar na mellora da competencia matemática e lingüística.

2 Mellora das competencias clave: Competencia matemática

Dirixido ao alumnado de 2º de ESO para mellorar a competencia matemática e a resolución de problemas.

3. IGUÁLA-T

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. Participación de todo o alumnado e profesorado do centro, con diferentes actividades ao longo de todo o curso, coa colaboración do Departamento de Orientación.

4. EDUEMOCIONA

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa que redunde no benestar emocional persoal-social e na súa calidade de vida, así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima e a empatía, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Con esta actuación tratarase de darlle resposta ao alumnado con maior motivación para aprender. Supón unha medida de atención á diversidade na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos

coñecementos do alumnado. Esta actuación poderá integrar alumnado dos centros educativos do seu contorno.

Estas iniciativas traduciranse na planificación de diferentes obradoiros nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final.

Nesta modalidade participará tamén todo o alumnado do centro en diferentes proxectos que se desenvolverán ao longo do curso:

- Revista escolar- participación de todos os cursos e niveis con aportacións á revista
- Elaboración dunha guía de viaxe: alumnado de 4º de ESO
- Semana do teatro- participación de todo o alumnado e profesorado de infantil e primaria, coa preparación e representación dunha obra teatral por curso. Participación voluntaria tamén de profesorado e alumnado de secundaria.
- Participación no concurso de Banda Deseñada organizado polo Equipo da Biblioteca en colaboración co Concello de Mesía , concurso que se vén facendo desde fai bastantes anos.

6. Mellora da calidade na xestión dos centros

Traballaremos na mellora e actualización de documentos e protocolos do centro: revisión e actualización do PEC e do Desenvolvemento Curricular, e na mellora da pax web do centro

ANEXO VI

CONCRECIÓN PXAD 2020/2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
3. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MAD
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual. Art.11.4 do D 229/2011, do 7 de decembro.

